# *Orzamento do exercicio*
# *2022*

Universidade Vigo

# I. Introdución

O orzamento do exercicio 2022 enmarcase dentro do novo Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia 2022-2026 (PFSUG) que mellora a subvención que reciben as tres universidades do SUG.

O presente documento estrutúrase da seguinte maneira:

- Apartado I. Marco xurídico. Este apartado contén unha referencia ao marco legal e ao PFUG 2022-2026 como condicionantes da acción do goberno da Universidade e reflicte as liñas de actuación de goberno.

- Apartado II O segundo apartado refírese ao teito de gasto aprobado para o exercicio 2022.

- Apartado III. Este apartado contén a previsión orzamentaria de ingresos.

- Apartado IV. Este apartado contén os créditos orzamentarios para gastar.

- Apartado V. Este apartado está dedicado as normas que regulan a execución do orzamento 2022.

- Anexo I Gastos de persoal.

- Anexo II Desagregación orzamentaria por clasificación orgánica dos créditos orzados na clasificación funcional 111LL00

- Anexo III. Información sobre amortización de anticipos reintegrables.

- Anexo IV Detalle de investimentos.

- Anexo V. Tarifas por servicios.

Tamén forman parte deste documento os orzamentos das entidades nas que a Universidade ten unha participación maioritaria

## *I. 0. Marco xurídico que regula o sistema universitario español (SUE)*

O ordenamento xurídico universitario está composto, entre outras normas, pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), que foi modificada por dúas leis: a Lei 4/2007, do 12 de abril (LOMLOU), pola que se ven afectados 70 dos seus 89 artigos, e polo Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo. Os motivos de tales reformas, con carácter xeral, hai que atopalos na harmonización dos sistemas educativos superiores, no marco do proceso denominado Declaración de Boloña, polo que se asentan as bases do espazo europeo de educación superior (EEES), e na necesidade de introducir elementos de racionalidade e de eficiencia na prestación deste servizo público que coadxuve na consecución do equilibrio orzamentario compatible co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

No referente ao primeiro dos aspectos, a converxencia de novas ensinanzas universitarias cos principios dimanantes da construción do espazo europeo de educación superior desenvolveuse a través do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado posteriormente polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, ao establecer a nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, incluídas as de doutoramento, que son reguladas, á súa vez, polo Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, o cal no seu artigo 9 regula as denominadas escolas de doutoramento. Por outro lado, no Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES), modificados polo Real decreto 96/2014, do 14 de febreiro, establecéronse catro niveis na citada ensinanza: técnico superior, grao, mestrado e doutor e son os tres últimos niveis os que conforman a educación superior universitaria.

Con esta normativa refórzase a autonomía universitaria, xa que se lles atribúe ás universidades a creación, de acordo coas regras establecidas, das ensinanzas e títulos que haxan de impartir e expedir, derogando o sistema anterior de establecemento dun catálogo previo establecido polo goberno. Agora ben, de xeito complementario esta autonomía aparece equilibrada coa necesidade de verificar e acreditar posteriormente, antes do transcurso de seis anos contados desde a data de verificación inicial ou desde a da súa derradeira acreditación, os títulos universitarios oficiais de grao e de doutorament

## *I. 1. Marco xurídico para a elaborar os orzamentos*

As normas para confeccionar os orzamentos da Universidade de Vigo, como os de calquera institución de carácter público, veñen determinados pola lexislación aplicable. Este contexto, o legal, caracterizouse nos pasados anos pola contención no gasto público, tanto cuantitativas coma cualitativas. A situación actual da economía aposta, a pesar da posible recepción de fondos europeos para a economía española, por manter o espírito dominante da norma, de carácter limitativo.

Resumimos, a continuación, a normativa que serve de marco para os orzamentos universitarios, na que os fins últimos son a consolidación fiscal e a transparencia na xestión nas administracións públicas.

Neste marco xurídico de desenvolvemento dos orzamentos, a Universidade de Vigo está suxeita á normativa do Estado e á da comunidade autónoma. De xeito máis significativo, a normativa a considerar é a seguinte:

## I. 1.1. Lei orgánica de universidades

O artigo 2.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril) recolle a competencia da universidade para elaborar e aprobar o seu orzamento anual. Nos termos da lei, a autonomía das universidades comprende «A elaboración, aprobación e xestión dos seus orzamentos e a administración dos seus bens».

O artigo 14.2 establece as competencias do Consello Social sobre o orzamento e a programación plurianual:

Así mesmo, correspóndelle a aprobación do orzamento e da programación plurianual da universidade, a proposta do Consello de Goberno. Ademais, con carácter previo ao trámite de rendemento de contas a que se refiren os artigos 81 e 84, correspóndelle aprobar as contas anuais da universidade e as das entidades que dela poidan depender e sen prexuízo da lexislación mercantil ou outra ás que as ditas entidades poidan estar sometidas en función da súa personalidade xurídica.

O título XI establece o marco do réxime económico e financeiro das universidades públicas. En concreto:

No artigo 79.1 recóllese que «As universidades públicas terán autonomía económica e financeira nos termos establecidos na presente lei. Para tal efecto, garantirase que as universidades dispoñan dos recursos necesarios para un funcionamento básico de calidade».

O artigo 81 foi obxecto de importantes modificacións por parte do Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que no seu artigo 6 indica:

81.2 : O orzamento será público e equilibrado, e comprenderá a totalidade dos seus ingresos e gastos. Para garantir un mellor cumprimento da lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, as universidades deberán cumprir coas obrigas seguintes:

- Aprobarán un límite máximo de gasto con carácter anual que non se poderá superar.
- Os orzamentos e as súas liquidacións referiranse expresamente ao cumprimento do equilibrio e da sustentabilidade financeiros.

81.4 : Ao estado de gastos correntes acompañarase a relación de postos de traballo do persoal de todas as categorías da universidade, especificando a totalidade dos custos desta e incluíndo un anexo no que figuren os postos de novo ingreso propostos.

Os custos do persoal docente e investigador, así como de administración e servizos, deberán ser autorizados

pola comunidade autónoma, no marco da normativa básica sobre a oferta de emprego público. Así mesmo, o nomeamento de persoal funcionario interino e a contratación de persoal laboral temporal polas universidades deberá respectar a normativa básica estatal na materia.

81.5 : As universidades deberán elaborar a liquidación do seu orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte.

No caso de liquidación do orzamento con remanente de tesouraría negativo, o Consello Social deberá, na primeira sesión que teña lugar, reducir gastos do novo orzamento pola contía igual ao déficit producido. A devandita redución só poderá revocarse por acordo do citado órgano, por proposta do reitor, tras o informe do interventor e a autorización do órgano correspondente da comunidade autónoma, cando a dispoñibilidade orzamentaria e a situación de tesouraría o permitan.

As transferencias, con cargo aos orzamentos da comunidade autónoma, a favor, directa ou indirectamente, das universidades requirirán a aprobación e a posta en funcionamento da redución de gastos.

As universidades remitirán unha copia da liquidación dos seus orzamentos e o resto de documentos que constitúan as súas contas anuais á comunidade autónoma (...). A falta de remisión da liquidación do orzamento, ou a falta de adopción de medidas no caso de liquidación con remanente negativo, facultará a comunidade autónoma para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a estabilidade orzamentaria da universidade.

## Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

Publicada no BOE do 30 de abril de 2012, o seu artigo segundo establece que se aplicará a: b) Ás comunidades autónomas, incluíndo nestas todas as entidades vinculadas entre as que se atopan as universidades.

O artigo 3, o principio de estabilidade orzamentaria sinala:

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei realizaranse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.

2. Entenderase por estabilidade orzamentaria das administracións públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11, referido á instrumentación de estabilidade orzamentaria, recolle que:

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das administracións públicas e demais entidades que forman parte do

sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria.

2. Ningunha Administración pública poderá incorrer en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

O capítulo IV da lei orgánica dedícase ás medidas preventivas, correctivas e coercitivas. O seu artigo 18 sobre medidas automáticas de prevención indica no seu apartado primeiro:

1. As administracións públicas farán un seguimento dos datos de execución orzamentaria e axustarán o gasto público para garantir que ao peche do exercicio non se incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Entre as medidas correctivas, o artigo 21 sobre o plan económico-financeiro sinala:

1. No caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración que incumpra formulará un plan económico-financeiro que permita nun ano cumprir os obxectivos ou a regra de gasto, co contido e co alcance previstos neste artigo. O plan económico-financeiro conterá como mínimo a seguinte información:

a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, se for o caso, do incumprimento da regra de gasto.

b) As previsións tendenciais de ingresos e de gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.

c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as aplicacións orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios en que se contabilizarán.

d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os cales se basean estas previsións, en consonancia co recollido no informe ao que se refire no número 5 do artigo 15.

e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

A sección terceira da lei orgánica dedícase ás medidas coercitivas para o caso de incumprimentos por parte da Administración pública responsable.

O artigo 25 sinala:

1. No caso de falta de presentación, de falta de aprobación ou de incumprimento do plan económico-financeiro ou do plan de reequilibrio, a Administración pública responsable deberá:

a) Aprobar no prazo de 15 días desde que se produza o incumprimento a non dispoñibilidade de créditos que garanta cumprir o obxectivo establecido.

b) Constituír un depósito con xuros no Banco de España equivalente ao 0,2 % do seu produto interior bruto nominal. O depósito cancelarase no momento en que se apliquen as medidas que garantan o cumprimento dos obxectivos.

Se no prazo de tres meses desde a constitución do depósito non se presentase ou aprobase o plan, ou non se aplicasen as medidas, o depósito non devindicará xuros. Se transcorrido un novo prazo de tres meses persiste o incumprimento, poderá acordar que o depósito se converta en multa coercitiva.

2. De non adoptarse as medidas previstas na alínea a) do número anterior ou no caso destas resultaren insuficientes, o Goberno poderá acordar o envío, baixo a dirección do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, dunha comisión de persoas expertas para valorar a situación económico-orzamentaria da Administración afectada. Esta comisión poderá solicitar, e a administración correspondente estará obrigada a facilitar, calquera dato, información ou antecedente respecto ás aplicacións de ingresos ou de gastos. A comisión deberá presentar unha proposta de medidas e as súas conclusións publicaranse nunha semana. As medidas propostas serán de obrigado cumprimento para a Administración que incumpra.

Non se poderá autorizar ningunha operación de crédito, nin a administración correspondente terá acceso aos mecanismos de financiamento previstos nesta lei ata que as devanditas medidas fosen implantadas.

## Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia

(A súa vixencia está afectada pola posterior reforma do artigo 135 da Constitución e pola promulgación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira).

Publicada no DOG do 29 de xuño de 2011, o seu artigo 2 establece que se aplicará a: c) Ás universidades públicas de Galicia e aos axentes vinculados a estas ou dependentes delas.

O artigo 3, principio de sustentabilidade financeira, sinala:

3. As actuacións dos axentes incluídos no ámbito de aplicación desta lei garantirán a sustentabilidade financeira das súas finanzas ao longo do ciclo económico.

4. Entenderase por sustentabilidade financeira, para os efectos desta lei, a capacidade de financiar compromisos de gasto presentes e futuros sen incorrer nun déficit ou endebedamento público excesivo consonte as normas de estabilidade orzamentaria e os compromisos do Pacto de

estabilidade e crecemento no ámbito da Unión Europea.

O artigo 4, principio de estabilidade orzamentaria, sinala:

1. A política orzamentaria dos axentes incluídos no ámbito de aplicación desta lei supeditarase ao cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado para a comunidade autónoma de Galicia, definido en termos de capacidade ou necesidade de financiamento e expresado en porcentaxe do produto interior bruto rexional a prezos de mercado.

3. Entenderase por estabilidade orzamentaria, en relación coas entidades do artigo 2.2 a), a situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

4. Entenderase por estabilidade orzamentaria, en relación coas entidades do artigo

2.2 b), a posición de equilibrio financeiro.

O artigo 9, referido á instrumentación de estabilidade orzamentaria, recolle que:

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos dos distintos axentes comprendidos no artigo 2.2 a) realizarase en equilibrio ou superávit orzamentario, computado en termos de capacidade de financiamento segundo a definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

2. Excepcionalmente, en función da situación cíclica da economía ou de circunstancias extraordinarias, a Administración xeral da comunidade autónoma poderá presentar déficit, de acordo cos requisitos establecidos pola normativa básica en materia de estabilidade orzamentaria.

Os orzamentos iniciais, ou, de ser o caso, modificados, dos restantes axentes deberán aprobarse e liquidarse en equilibrio en termos de contabilidade nacional, agás as aplicacións que se financien con remanente afectado.

3. A elaboración, aprobación e execución orzamentaria dos axentes aos que se refire o artigo 2.2 b) realizarase en posición de equilibrio financeiro, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que se lles aplique.

Entenderase que un axente se atopa en situación de desequilibrio financeiro cando incorra en perdas das que o saneamento requira a dotación de recursos non previstos nos orzamentos dos axentes do artigo 2.2 a) que os

acheguen.

No seu artigo 21 «Disposicións específicas para as universidades e para os axentes vinculados a estas ou dependentes delas» indica:

Ademais das disposicións contidas nos capítulos precedentes desta lei, ás universidades e aos axentes vinculados a estas ou dependentes delas aplicaránselles as seguintes disposicións específicas:

1. Os orzamentos das universidades deberán elaborarse con criterios homoxéneos, de forma que sexa posible a súa consolidación cos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia. As contas anuais consolidadas de cada universidade deberán remitírselle á consellaría competente en materia de facenda antes do día 30 de xuño do exercicio seguinte. Esta documentación xuntaráselle á conta xeral da comunidade autónoma de Galicia para a súa remisión ao Consello de Contas de Galicia.

### *I.1.3.* Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia 2022-2026

A Xunta acaban de acordar un novo plan de financiamento para o sistema universitario de Galicia. O PFSUG 2022-2026 establece un marco financeiro para as tres universidades do SUG, no que se marcan unhas áreas de repartición e de indicadores para distribuír as achegas orzamentarias.

No apartado segundo deste capítulo indícanse os aspectos máis salientables do PFSUG, así como o efecto agardado sobre o orzamento da nosa institución para os vindeiros anos.

### *I.1.4.* Estatutos da Universidade de Vigo

Os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, da Xunta de Galicia, recollen como unha das funcións do Consello de Goberno (artigo 16 k) a aprobación dos proxectos de orzamentos, segundo o informe preceptivo das liñas xerais do Claustro, das contas anuais da universidade para o seu trámite ao Consello Social.

No seu título IV dedicado ao réxime económico e financeiro da universidade, sinálase no artigo 112 respecto ao orzamento:

O orzamento da universidade, como Administración pública, será único, anual, público e equilibrado. Conterá a totalidade dos ingresos e dos gastos, así como os obxectivos que acadará. A estrutura do orzamento da universidade, o seu sistema contable e os documentos que comprenden as súas contas anuais adaptaranse ás normas que, con carácter xeral, se establecen para o sector público e, para os efectos de normalización contable, aos plans de contabilidade que a Xunta de Galicia puidese establecer para as universidades da súa competencia.

## I.1.5. Proxecto de Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022

Na data de elaboración do presente orzamento unicamente está publicado o proxecto de lei para o orzamento da Xunta de Galicia do exercicio 2022. Este texto, dedica o seu título II aos gastos de persoal, e recolle no seu artigo 11 «Bases da actividade económica en materia de gastos de persoal»:

Dous. No ano 2022 as retribucións do persoal ao servizo do sector público autonómico non poderán experimentar un incremento global superior ao 2 por cento con respecto ás vixentes o 31 de decembro de 2021, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade.

No artigo 34. Custos de persoal máximos das universidades de Galicia, indícase:

Un. Consonte o establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da comunidade autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos, autorízanse para o ano 2022 os custos do persoal docente e investigador e de administración e servizos das universidades do sistema universitario de Galicia nas seguintes contías, expresadas en miles de euros:

| | Masa salarial | Seguridade Social | Total |
|---|---|---|---|
| Santiago de Compostela | 143.651 € | 22.651 € | 166.302 € |
| A Coruña | 90.384 € | 14.953 € | 105.337 € |
| Vigo | 96.189 € | 14.925 € | 111.114 € |
| Total | 330.224 € | 52.529 € | 382.753 € |

Este importe da masa salarial máxima inclúe o importe previsto para a aplicación, se éo caso, dun incremento global do 2 % cento no momento en que o habilite a normativa da Administración xeral do Estado.

Nas anteriores contías non está incluído o custo do persoal investigador de proxectos e contratos de investigación, nin o do persoal técnico de apoio contratado con cargo a eses proxectos e contratos.

Dous. As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do sistema universitario de Galicia non experimentarán un incremento global superior ao do 2 % respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021.

Artigo 35. Retribucións adicionais do persoal ao servizo das entidades integrantes do sistema universitario de Galicia.

O importe das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador, polos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora que, se é o caso, lle correspondan ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor non experimentarán un incremento global superior ao 2 % respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021.

Artigo 36. Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal do sistema universitario de Galicia

Un. As universidades integrantes do sistema universitario de Galicia, respectando as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, aplicarán a taxa de reposición máxima establecida na normativa básica ditada ao respecto e con suxeición aos límites e requisitos establecidos para os corpos de catedráticos e catedráticas de universidade e de profesores e profesoras titulares de universidade e mais ás prazas de persoal de administración e servizos.

As correspondentes convocatorias deberaas autorizar a Consellería de Facenda e Administración Pública, logo de acreditar que a oferta de emprego público das mencionadas prazas non afecta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade nin dos demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Dous. Dentro das contías máximas autorizadas no artigo 34 desta lei e de acordo co que dispón a normativa básica en materia de taxa de reposición de efectivos, as universidades do sistema universitario de Galicia poderán contratar excepcionalmente persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables.

Substitúese o réxime de autorización previa conxunta polo de comunicación mensual que determinen as consellarías competentes en materia de universidades e de orzamentos. Mediante unha resolución destes centros directivos poderase volver ao sistema anterior no caso de que non se realicen as mencionadas comunicacións ou se incumpran as condicións recollidas no parágrafo anterior para subscribir estes contratos.

### *I.1.6.* Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

A Lei 19/2013 ten por obxecto ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos.

Son obxecto de mención pola implicación que supoñen para o funcionamento da universidade os seguintes artigos:

Artigo 5, punto 4: A información suxeita ás obrigas de transparencia será publicada nas correspondentes sedes

electrónicas ou páxinas web de maneira clara, estruturada e entendible para os interesados (...).

Artigo 8, punto 1: Os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título deberán facer pública, como mínimo, a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria (...).

Artigo 26. Principios do bo goberno. Enumera entre os seus principios xerais para as persoas comprendidas no ámbito de aplicación deste título:

- Actuarán con transparencia na xestión dos asuntos públicos, de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia e co obxectivo de satisfacer o interese xeral.

- Exercerán as súas funcións con dedicación ao servizo público.

- Respectarán o principio de imparcialidade.

- Asegurarán un trato igual e sen discriminacións de ningún tipo no exercicio das súas funcións.

- Actuarán coa dilixencia debida no cumprimento das súas obrigas e fomentarán a calidade na prestación dos servizos públicos. Manterán unha conduta digna e tratarán os cidadáns e cidadás con coidada corrección.

- Asumirán a responsabilidade das decisións e actuacións propias e dos organismos que dirixen.

# I O Plan de financiamento universitario de Galicia 2022-2026

No exercicio 2022 comeza a aplicarse o novo plan de financiamento do sistema universitario de Galicia. A estrutura de financiamento do PFSUG non está pechada no momento de redactar este orzamento, pero o compromiso acadado coa Consellería de ...e que os fondos para o exercicio 2022 xa se liberen conforme o novo plan.

Conforme os datos dispostos no momento de redactar este documento, o PFSUG estrutúrase do seguinte xeito:

### *I.2.1* Financiamento estrutural

O financiamento estrutural no PFSUG 2022-2026 reparte para o exercicio 2022 uns 252,2 millóns de euros tendo en conta os seguintes criterios básicos de determinación de necesidades de financiamento, PAS e PDI:

- Necesidades docentes: en función dos créditos matriculados.
- Necesidades PAS: en función do número de efectivos teóricos de PDI e do número real de alumnos.

A táboa 1 introduce os criterios de repartición do fondo estrutural para o primeiro ano do PFSUG, que definimos deseguido:

| Fondo | | Definición |
|---|---|---|
| Financiamento estrutural | Cálculo da unidade de necesidade docente | -En función dos créditos do último ano académico matriculado e auditado.<br>-Tamaño mínimo para o grao e o mestrado ter 85 e 2 estudantes). Oito horas de necesidades de docencia teórica.<br>-Reponderación da mestura POI. |
| | Cálculo da unidade de necesidade PAS | -Repartición en función do número de efectivos teóricos de POI que rende o modelo e do número real de alumnado.<br>-Mínimo fixo de 100 efectivos por universidade.<br>-Retribución en función do custo do cadro de persoal |

Táboa 1. Criterios de cálculo de financiamento estrutural no PFSUG

## I.2.2. O financiamento por resultados

O financiamento por resultados continúa a ser un estímulo de mellora para as tres universidades galegas, avanzando neste novo plan nun novo modelo de indicadores que representa unha continuidade do anterior axustando á realidade dos novos obxectivos estratéxicos.

I. 2.3. Fondo gasto corrente e mantemento de infraestruturas

Este fondo reparte un importe fixo por universidade e o restante en función dos metros cadrados construídos por universidade.

I.2.4 Estimación inicial do financiamento para o exercicio 2022

A estimación realizada para o exercicio 2022 logo das negociacións finais recóllese na táboa 5, expresada en euros.

| FONDO | DISTRIBUCIÓN | 2022 |
|---|---|---|
| FINANCIAMENTO ESTRUTURAL | CUSTO ESTÁNDAR | 81.681.894,00 € |
| | SEXENIOS TRANSFERENCIA | 842.743,00 € |
| | SERGAS-PRAZAS VINCULADAS | 66.384,00 € |
| FINANCIAMENTO POR RESULTADOS | PANEL DE INDICADORES | 19.097.871,00 € |
| | GASTOS CORRENTES E MANTEMENTO INFRAESTRUTURAS | 8.658.103,00 € |
| | FONDO DE MELLORA | 4.761.759,00 € |
| | COMPLEMENTOS AUTONÓMICOS | 6.832.000,00 € |
| | TOTAL | 121.940.754,00 € |

Táboa 5. Estimación de financiamento pola aplicación do novo PFSUG

No cálculo das achegas para o ano 2022 xa se considera o incremento do 2 % da subida salarial así como os sexenios de transferencia previstos para o pagamento durante o exercicio 2022.

# II Liñas básicas de actuación

As liñas de actuación que conformarán, as propostas do equipo de goberno teñen como obxectivo seguir a construír unha universidade de futuro adaptada á nova realidade social que atinxa ás máximas cotas de calidade formadora, investigadora e de transferencia.

Este orzamento presenta unha formulación adecuada de cara a conseguir os obxectivos marcados dentro do plan estratéxico da Universidade de Vigo, en concreto:

Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna: no orzamento dos centros de cara ao exercicio 2022 incrementouse a dotación para poder levar a cabo este obxectivo estratéxico. Ademais prorrógase o encargo de xestión do Centro de Linguas á Fundación Universidade de Vigo para potenciar a formación do PDI. Tamén se mantén o esforzo investidor dedicado á teledocencia potenciando as infraestruturas informáticas do campus virtual.

Obxectivo 2. Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudantado: planifícase unha actualización da normativa de cursos e convenios para dar cabida a esta necesidade estratéxica, que se aprobará durante o exercicio 2022.

Obxectivo 3. Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna: no exercicio 2022 finalizará a primeira promoción da titulación de Enxeñaría Biomédica, tras unha forte aposta no exercicio 2020 para fortalecer os laboratorios de prácticas.

Obxectivo 4. Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado: no exercicio 2022 mantense a estrutura da Escola Aberta de Formación Permanente cun orzamento dedicado á innovación educativa.

Obxectivo 5. Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade: a Universidade de Vigo a través da Oficina de Relacións Internacionais (ORI) acadou un cantidade de fondos para a mobilidade docente, así como as actividades da Vicerreitoría de Captación de Alumnado dedicadas á benvida de alumnos e alumnas estranxeiros.

Obxectivo 6. Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo: neste eido a UVigo mantén a dotación de Comunicación para difundir as actividades da universidade na súa contorna, así coma mellorar a proxección internacional. O Servizo de Publicacións mantén a dotación orzamentaria para potenciar os resultados da investigación global.

Obxectivo 7. Incrementar a captación de fondos en convocatorias nacionais e internacionais: a Vicerreitoría de Investigación e a de Planificación acaban de acadar para o exercicio 2022 unha gran cantidade de fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia que potenciarán as actividades da institución nos eixes

estratéxicos marcados pola Unión Europea.

Obxectivo 8. Impulsar a colaboración público-privada: tal e como se comentou ides realizar unha actualización da normativa de cursos e de convenios que potencia a relación da institución coas empresas da contorna, así como un incremento da colaboración a través de convenios e de cátedras.

Obxectivo 9. Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social a través da cooperación con entidades públicas e privadas: continuamos xerando convenios coas administracións do contorno (Concello de Pontevedra, Deputación de Ourense) e coas empresas para impulsar a xeración de coñecemento na contorna.

Obxectivo 10. Impulsar unha xestión administrativa eficaz máis áxil, próxima e transparente: a UVigo segue desenvolvendo unha administración dixital orientada á cidadanía, mellorando a súa sede electrónica e implementando programas de xestión específicos nas áreas académica, de investigación e de recursos humanos. Mediante estas ferramentas múdase a visión burocrática da institución por unha visión de xestión orientada a resultados e a calidade nos servizos académicos e de investigación.

Obxectivo 11. Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias: a Vicerreitoría de Planificación conta cunha dotación importante para a mellora e o mantemento de infraestruturas nos tres campus, avanzando cara a unha maior eficiencia enerxética, actualizando os espazos para mellorar a calidade docente e potenciando a dixitalización en todas as eivas.

Obxectivo 12. Reducir a distancia e o tempo dos desprazamentos entre os núcleos urbanos e os campus: a UVigo pretende mellorar o convenio existente co Concello de Vigo e a empresa de transporte urbano para mellorar a comunicación do campus de Vigo coa cidade. A aposta por este obxectivo marca o inicio das actividades planificadas no edificio Redeiras (Berbés) desprazando parte das actividades ao centro da cidade para mellorar os servizos ao alumnado.

Obxectivo 13. Establecer un modelo de goberno e de xestión da universidade baseado na transparencia, no comportamento ético con atención ás singularidades e á responsabilidade social universitaria: A UVigo mantén, tal e como indica o informe do Consello Contas, unha boa liña para acadar este obxectivo. Para o exercicio 2022 aprobará un novo plan antifraude de acordo coas exixencias do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, co que melloraremos o noso portal de transparencia. Por outra banda, a UVigo xa puxo en marcha criterios de sostibilidade na adxudicación de contratos públicos de cara a mellorar os indicadores deste obxectivo.

Obxectivo 14. Asegurar a sostibilidade financeira da universidade: a UVigo mantén a estratexia dun orzamento equilibrado e sostible a medio prazo. O novo PFSUG proporciona un escenario axeitado para acadar este obxectivo, e a contabilidade analítica ofrece datos para mellorar a xestión dos diferentes gastos da institución.

Obxectivo 15. Fortalecer as estruturas de apoio á investigación e dos centros: de cara ao exercicio 2022

poténciase a estrutura da Oficina de Proxectos Internacionais así como o desenvolvemento dunha nova ferramenta de xestión económico-investigadora para a xestión desconcentrada dos proxectos internacionais.

Obxectivo 16. Mellorar o intercambio de información entre as distintas estruturas de apoio á investigación e entre estas e o persoal investigador. A UVigo mantén a estratexia de formación de todo o persoal PAS de cara a poder ofrecer un mellor servizo e máis actualizado das necesidades de xestión dos investigadores e investigadoras.

Obxectivo 17. Deseñar un sistema de información accesible e fiable relativo ao ámbito da investigación que apoie a toma de decisións: o novo módulo de proxectos do MUS proporcionará información trazable para toda a institución o que lle permitirá ao persoal investigador mellorar a planificación na execución das súas actividades a parte administrativa terá unha nova ferramenta que facilitará a xustificación dos gastos.1

Obxectivo 18. Posicionar a Universidade de Vigo como unha institución de investigación de referencia na contorna, na rexión e na eurorrexión. A UVigo captará novos investigadores e investigadoras a través dos convenios asinados coa Xunta de Galicia e as novas convocatorias do programa de recualificación do persoal.

Obxectivo 19. Ciencia aberta: a través da Biblioteca da Universidade para o exercicio 2022 dótase unha cantidade suficiente que achegue valor nas accións específicas de cara a acadar este obxectivo. O novo consorcio interuniversitario será tamén unha ferramenta de intercambio de produción científica entre a nosa institución e as institucións europeas no marco da investigación científica.

Obxectivo 20. Potenciar o recoñecemento dunha actividade investigadora de calidade: como xa se comentou o novo regulamento de cursos e de convenios satisfará unha parte deste obxectivo. A Vicerreitoría de Investigación conta cunha dotación suficiente para axudas propias de cara a mellorar a calidade investigadora dos grupos.

Obxectivo 21. Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados: a UVigo conta para o exercicio 2022 con dotación orzamentaria suficiente para o acceso a bases de datos, HUB e outras estruturas científicas que lles permitan aos nosas investigadoras e investigadores mellorar a súa presencia no ámbito internacional.

Obxectivo 22. Impulsar a coordinación dos grupos de investigación da UVigo para elaborar propostas multidisciplinarias competitivas no ámbito nacional e internacional: a Xunta de Galicia orienta a Universidade a potenciar o agrupamento de grupos, de cara a consecución de fondos alleos. A UVigo mantén a aposta polos centros singulares de investigación e de apoio ás agrupacións para acadar maior nivel de calidade e chegar a novas fontes de financiación.

Obxectivo 23. Fomentar a transferencia nos distintos ámbitos universitarios: a dotación para os contratos asinados ao amparo do artigo 83 da LOU incleméntase para o exercicio 2022 de cara a adiantarlles os fondos aos grupos de investigación para poder conseguir os obxectivos marcados coas empresas da contorna sen dilacións.

Obxectivo 24. Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade Universitaria: a UVigo mantén o esforzo na functional 211E dedicado a extensión universitaria que complete a formación académica do alumnado e mellore a calidade do persoal docente e investigador.

Obxectivo 25. Captar PDI e PAS con talento. Os novos fondos europeos permitirán captar novo talento investigador e a funcionarización do PAS proporcionará unha mellora das condicións do persoal de administración e servizos.

Obxectivo 26. Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria: na functional 121D a UVigo mantén a aposta polas bolsas orientadas a captar talento do estudantado así como a garantir unha formación axeitada e de calidade para os nosos e nosas estudantes.

Obxectivo 27. Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade: a UVigo mantén para o exercicio 2022 os plans de voluntariado e cooperación internacional. A Unidade de Igualdade conta cunha dotación suficiente para perseguir unha mellora nos seus obxectivos.

Obxectivo 28. Contribuír á transformación dixital da universidade: o vicerreitor de Planificación conta cunha dotación suficiente para mellorar as estruturas TIC, así como para contratar a través do medio propio SIGMA un novo software de xestión académica que mellore a transformación dixital da institución.

Obxectivo 29. Fomentar as actividades da vida universitaria e o asociacionismo: a UVigo a través da Consello Social está fomentando a asociación Alumni para mellorar a relación da institución cos seu antigo alumnado, así como a financiación de iniciativas dos estudantes en diferente eidos.

No tocante ás políticas de cada vicerreitoría, expóñense deseguido as actuacións máis destacables para realizar no exercicio 2022.

## *A.* Compromisos profesionais co PDI e PAS

A aposta pola política de persoal constitúe o eixe fundamental dos compromisos adquiridos polo equipo de goberno, polo que o último orzamento da lexislatura, correspondente ao ano 2022, recolle as partidas necesarias para culminar o cumprimento destes compromisos, que se articulan arredor de tres ideas fundamentais: a carreira docente e investigadora, a recuperación e consolidación de dereitos, ademais de comezar unha senda de rexuvenecemento do cadro de persoal. Tal como se ter reflectido nos documentos orzamentarios de exercicios anteriores, todas estas políticas planificáronse para o seu adecuado cumprimento dentro do marco restritivo marcado polos límites de masa salarial autorizada. Neste senso debe destacarse que durante os catro orzamentos realizados nesta lexislatura, o actual equipo ten destinado o 100 % da masa salarial dispoñible para gastos de persoal.

Dentro do obxectivo xeral descrito, as principais liñas de actuación orzadas para o ano 2022 son as seguintes:

- Completar a planificación de avance progresivo na recuperación do poder adquisitivo do PDI, iniciada no orzamento do ano 2019, e que vai supoñer o aboamento íntegro do complemento específico nas pagas extras ao PDI neste ano 2022.

- Saída a concurso de todas as prazas autorizadas nas Ofertas de Emprego Público aprobadas, o que suporá o baleirado das listaxes de PDI acreditado a Profesorado Titular de Universidade e a Catedrático/a de Universidade.

- A medida anterior permitirá, ademais, xa no ano 2022 reducir a listaxe de persoal contratado doutor interino de 48 efectivos a 11, cumprindo ademais o obxectivo de que as prazas non estean ocupadas interinamente máis de tres anos.

- En cumprimento do establecido no convenio colectivo respecto da carreira académica, seguirase promovendo a promoción a figuras estables de todo o profesorado axudante doutor que finalice o seu período máximo de contratación na ditada figura e obtivera a acreditación correspondente.

- No referente ao persoal investigador, seguirase coa aposta pola retención de talento de máximo nivel, estabilizando a todo o persoal que ocupa unha praza Ramón y Cajal e finaliza o seu contrato. Ademais, continuarase con outras medidas en forma de plans de captación e de retención baseados en criterios de mérito e de capacidade.

- Convocaranse as prazas necesarias para cumprir o obxectivo de creación de 100 prazas de profesorado axudante doutor durante a lexislatura para avanzar na corrección de desequilibrios no referente ao grao de consolidación das diferentes áreas de coñecemento nos tres campus, así como no rexuvenecemento do cadro de PDI. Neste último sentido, seguirase apostando por computar as xubilacións forzosas con tres anos de antelación de cara a facilitar o adecuado relevo xeracional.

- Por último, faranse efectivos os últimos acordos acadados en materia de negociación colectiva, que supoñen a equiparación salarial dos investigadores e investigadoras que ocupen unha praza Ramón y Cajal co persoal investigador distinguido, a incorporación do profesorado axudante doutor ás convocatorias de quinquenios e de sexenios, así como o aboamento, a partir de xullo, e se é posible con efectos anteriores, do primeiro trienio a todo o persoal investigador cun antigüidade maior de tres anos, iniciando unha senda progresiva cara o recoñecemento total da antigüidade de todo o persoal investigador.

No concernente á política dirixida ao persoal de administración e servizos (PAS), as actividades para o exercicio 2022 centraranse nas seguintes liñas de actuación

- Desenvolver os procesos derivados do Acordo de funcionarización asinado o 5 de xullo de 2021 entre a xerencia e a comisión tripartita de funcionarización, conformada polos órganos de representación do PAS

laboral e funcionario.

- Impulsar a primeira convocatoria de funcionarización que lle posibilitará ao PAS laboral fixo, que voluntariamente participe no proceso, a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, coa pretensión de finalizar este proceso no primeiro semestre de 2022.

- Iniciar as negociacións cos órganos de representación para a sinatura dun acordo marco sobre situacións administrativas, permisos etc., do persoal de administración e servizos da universidade.

## *B.* Calidade docente, titulacións e formación do profesorado

Á espera do avance nas negociacións do novo mapa de titulacións do sistema universitario de Galicia, no referente a titulacións, as accións principais terán que ver con rematar os temas pendentes do mapa actual, así como da posta en marcha dos acordos xa acadados nese novo mapa. Así, comezarase coa implantación do Grao en Deseño en Pontevedra, do Grao en Relacións Internacionais e do Grao en Intelixencia Artificial en Ourense, e do Grao en Enxeñaría da Automoción en Vigo.

No referente ás titulacións de mestrado e de doutoramento, as principais accións irán encamiñadas á posta en marcha das titulacións consideradas no novo mapa de titulacións para as que xa hai acordo a nivel do SUG, oferta que se concreta en 13 novos mestrados, así como á implantación dos mestrados pendentes á marxe dese acordo.

## *C.* Desenvolvemento integral das e dos estudantes

A universidade ten un compromiso co alumnado para ofrecerlle unha formación o máis integral posible, incrementando a relación coas empresas para mellorar a empregabilidade e facilitar a integración na vida laboral. Este compromiso manifestase nun conxunto de liñas de actuación externas e complementarias á propia docencia que están orientadas a todos os colectivos de estudantes.

Os obxectivos para este ano 2022 inclúen accións nas seguintes áreas:

Normativas

A aprobación dos novos estatutos e a experiencia na aplicación dalgunhas normas requiren da elaboración e/ou actualización de normativas e regulamentos. En particular:

- Regulamento de avaliación e cualificación
- Programa MEET UVigo
- Regulamento de recoñecemento de créditos

Atención, apoio e orientación ao estudantado (Sección de Información ao Estudantado, SIE)

Para mellorar a atención, asesoramento, comunicación, apoio e orientación ao alumnado propóñense as seguintes actuacións:

- Consolidar o coñecemento por parte da comunidade universitaria e non universitaria dos puntos de información ao estudante da Universidade de Vigo.

- Continuar con apoio ao futuro alumnado durante o proceso de admisión e matrícula na Universidade de Vigo, así como manter o contacto continuado coa Comisión Interuniversitaria de Galicia e cos grupos de traballo existentes no ámbito nacional para poñer en funcionamento accións e desenvolver proxectos específicos.

- Desenvolver un portal que sexa o punto centralizado sobre procedementos e información de utilidade para o alumnado durante as distintas fases da súa relación coa universidade.

- Implantar medidas que favorezan a integración do alumnado de novo ingreso na vida universitaria co fin de atender as súas necesidades formativas e informativas, como o acto de benvida institucional ou a elaboración da guía de benvida onde reciban toda a información necesaria para desenvolverse na vida universitaria.

- Seguir intermediando entre o alumnado e os servizos internos en temas relacionados coa oferta formativa da Universidade de Vigo, tales como o de grao, posgrao ou formación complementaria.

- Elaborar a guía das saídas profesionais de forma que conecte as titulacións, coas saídas profesionais coas empresas máis relevantes en cada sector.

- Identificar as carencias en hábitos e en técnicas de estudo do alumnado e elaborar unha oferta formativa completa.

Bolsas **(**Servizo de Bolsas**)**

Para asegurar o acceso á universidade e á igualdade de oportunidades, proponse continuar co programa de bolsas, axudas e premios para o alumnado xa existente na nosa universidade, ademais de ofertar outras convocatorias que respondan a novas necesidades xurdidas no momento actual. En particular:

- Bolsas de comedor e de residencia: programa complementario de axudas ao alumnado para cubrir necesidades inatendidas ou insuficientemente atendidas por outras administracións públicas, encamiñadas a favorecer a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

- Bolsas de circunstancias económicas e familiares especiais: a Universidade de Vigo é consciente de que parte do seu alumnado presenta diversas circunstancias económicas e familiares que lle impiden ou

dificultan afrontar os gastos derivados da actividade académica e que poden afectar negativamente ao rendemento académico do alumnado. Por esta razón a universidade establece un programa de axudas destinadas a garantir que non se produza un abandono dos estudos do alumnado máis vulnerable motivado polas devanditas dificultades.

- Bolsa de estudos de mestrado: para garantir o acceso ao alumnado afectado polo cambio de requisitos académicos da convocatoria xeral do MEFP.

- Bolsas de mobilidade de mestrado e de doutoramento: o obxecto destas bolsas é sufragar os gastos derivados da realización de actividades de contido formativo das titulacións oficiais impartidas pola Universidade de Vigo, que se teñan que desenvolver nunha localidade diferente á de estudos.

- Bolsas de mobilidade para realizar actividades de carácter formativo: para fomentar a participación do alumnado en proxectos e en eventos de carácter cultural, científico, de especialización ou perfeccionamento que complementen a súa formación académica.

- Bolsa Ourense Rural: o obxecto das axudas é atender o custo económico que supón realizar os estudos universitarios oficiais para o alumnado empadroado en concellos rurais da provincia de Ourense distantes dos campus universitarios e con dificultades de conexión a través de medios de transporte habituais.

- Bolsas de formación e de prácticas: co obxectivo de fomentar unha mellor formación teórica e práctica do alumnado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula.

- Premios de excelencia académica: os premios teñen por obxecto incentivar a cultura do mérito e a excelencia, a través do recoñecemento ao alumnado cos mellores resultados académicos.

- Premios TFG/TFM: para incentivar a cultura da innovación e o compromiso social, recoñecemento traballos fin de estudos que se distingan por ser especialmente relevantes, innovadores ou prácticos, en determinadas temáticas de interese para a sociedade.

- Bolsas para realizar cursos no Centro de Linguas: o coñecemento de linguas estranxeiras por parte do alumnado é un obxectivo estratéxico da Universidade de Vigo que favorece a internacionalización e a súa formación integral. Por isto, a universidade realiza esta convocatoria de bolsas co obxecto de fomentar a aprendizaxe de idiomas entre o alumnado.

- Bolsas de inclusión: apoio ao Programa de atención personalizada de estudantes con necesidades educativas especiais, de acordo co establecido nos programas de atención personalizada.

- Bolsas asociadas a convenios asinados pola UVigo (Mulleres por África, Carolina, Deputacións, Xunta de Galicia…).

- Difusión e xestión doutras bolsas dirixidas ao noso alumnado e convocadas por outras entidades.

Emprego e emprendemento (Área de Emprego e Emprendemento)

Co fin de impulsar a inserción laboral do estudantado e das persoas tituladas da Universidade de Vigo proponse as seguintes liñas e accións:

Convenios de cooperación educativa con empresas e institucións:

- Incrementar o número de convenios.
- Mellorar a aplicación informática de xestión de convenios de cooperación educativa, en coordinación co resto de servizos da UVigo cos que se compartirá o seu uso.
- Mellorar a aplicación informática de xestión de prácticas académicas externas, tanto curriculares como extracurriculares, en coordinación coas persoas coordinadoras de prácticas e persoal da FUVI, cos que se compartirá o seu uso.

Normativa de prácticas externas do alumnado

- Posta en vigor da normativa aprobada polo Consello de Goberno no ano 2021 e dos formularios asociados, unha vez sexa funcional a aplicación de prácticas académicas.
- Aprobación dun modelo de convenio para realizar estadías como parte dos traballos de fin de estudos do alumnado (TFG e TFM) .

Mellora da empregabilidade e inserción laboral do alumnado

- Continuar coa xeración de estratexias de comunicación co alumnado e facer campaña para dar a coñecer os servizos que se ofrecen dende a Área ( orientación laboral, obradoiros de mellora da empregabilidade e bolsa de emprego, entre outros) aos que poden acceder.

- Por en marcha da plataforma JobTeaser de publicación de ofertas e de emprego.
- Incrementar o número de accións formativas de emprego nas facultades e escolas (técnicas de busca de emprego, redacción de cartas de presentación e currículo, entrevistas, portafolio, ...).
- Desenvolver novas accións de promoción e fomento da empregabilidade de mulleres e colectivos con necesidades especiais. Participación no programa universitario para o emprego e a vida autónoma.

- Colaborar no lanzamento de enquisas de inserción laboral das persoas egresadas da UVigo que realizan entidades oficiais e externas a esta universidade.

- Difundir e colaborar na xestión de programas que outras entidades deseñan para a mellora da empregabilidade do alumnado e persoas acabadas de titular, e que solicitan a colaboración da Universidade de Vigo

Fomento do ecosistema emprendedor do estudantado

- Apoio de programas específicos de formación e mentorización para o desenvolvemento de ideas de negocio nos tres campus (INCUVI-Emprende, INCUVI-Avanza, INCUVI-Consolida, e outros destinados ao fomento do emprendemento do alumnado de últimos cursos dos graos e mestrías).

- Por en funcionamento un espazo de cotraballo (espazo INCUVI) que facilite un fluxo de traballo máis dinámico e un maior contacto dos emprendedores e emprendedoras coa sociedade, e destes coas empresas e entidades. Programar e executar actividades para dinamizar o espazo.

- Dar continuidade o servizo universitario de creación de empresas do estudantado (SUCEDE-UVigo)

- Velar pola posta en marcha da convocatoria de innovación aberta COLMEA DE IDEAS da UVIGO, a través da cal o estudantado pode responder a retos reais das entidades colaboradoras a través dos seus traballos de fin de estudos.

- Continuar co uso da plataforma Santander X para a xestión dos programas de emprendemento e eventos asociados a esta liña de actuación.

Fomento das relación transfronterizas Galicia-norte de Portugal

- Levar a cabo as actividades de divulgación e formación propostas no convenio asinado co EURES-T

- Organizar unha feira de emprego, na modalidade presencial ou en remoto segundo as condicións sanitarias.

- Desenvolver accións de mellora de empregabilidade como parte do programa OUTONOS EMPREGABLES da UVIGO e ofertar este programa (62 horas) ao alumnado o inicio de curso para o seu recoñecemento por ECTS (2 ECTS cunha participación do 80 % das accións).

Formalizar a creación da comunidade ALUMNI-UVIGO

- Desenvolver a comunidade Alumni como un punto de encontro entre o alumnado e persoas tituladas pola Universidades de Vigo, tanto noveis como séniors, que xa teñan consolidada a súa carreira profesional.

Plan de captación de alumnado

O Plan de captación de alumnado da Universidade de Vigo recolle un conxunto de actividades dirixidas a dar a coñecer a oferta formativa e as fortalezas da Universidade de Vigo a diferentes colectivos: profesorado non universitario, equipos de orientación de colexios e de IES, centros de FP, alumnado preuniversitario, proxenitores e familias.

Así mesmo, a Área de Captación de Alumnado tamén funciona, dende a súa creación en 2018, como elo na comunicación entre os centros educativos e a nosa institución para outras actividades de difusión cultural.

Finalmente, tamén é o noso labor dar a coñecer a oferta formativa de posgrao entre o alumnado universitario tanto de Galicia como nacional e internacional a través de accións de orientación específicas para estudos de mestrado e de doutoramento.

No ano 2022 proponse manter, consolidar e por en marcha as seguintes actividades recollidas no plan:

- Promocionar a oferta académica de grao e posgrao da Universidade de Vigo estando presentes nas principais feiras, xornadas e eventos de orientación universitaria como Edugal, Uniferia, Unitour, FIEP, Findeu, PontUpStore, XOUP e as que teñan lugar en institucións educativas públicas, privadas e concertadas. Debido á crise sanitaria motivada pola covid-19 algúns destes eventos poden cancelarse, pero outros pasarán a modalidade virtual, polo que trataremos de manter a nosa participación a través de todas as canles posibles.

- Consolidar as iniciativas de colaboración entre centros de secundaria e a Universidade de Vigo mediante a continuidade no desenvolvemento do programa STEMBach, bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía creado ao amparo da Xunta de Galicia. Este programa supón a posta en funcionamento de traballos conxuntos desenvolvidos entre profesorado e alumnado de bacharelato e o PDI da universidade a través de miniproxectos de investigación que se deberán defender unha vez rematados.

- Consolidar un ano máis o proxecto «Inspira STEAM Galicia» destinado a espertar vocacións nos estudos científicos e tecnolóxicos entre as alumnas de educación primaria. O proxecto baséase en accións de sensibilización e de orientación que imparten mulleres profesionais do mundo da investigación, a ciencia e a tecnoloxía, mediante sesións de mentoría grupal entre estudantes de 6.º de primaria.

- Manter a organización presencial da Xornada de Orientación Universitaria e as Xornadas de Portas Abertas nos tres campus da Universidade de Vigo sempre que a situación sanitaria o permita. Estas xornadas ábrenlles as portas ao futuro alumnado e ás súas familias, e permiten coñecer polo miúdo a oferta formativa en cada centro da Universidade de Vigo.

- Organizar a xornada de estudos de mestrado en formato virtual para amosar a nosa oferta formativa de mestrado e condicións de acceso para o alumnado propio da Universidade de Vigo antes do período de

matrícula.

- Organizar a xornada de orientación para orientadoras e orientadores dos centros de educación secundaria nos tres campus, fixadas en febreiro e en marzo de 2022. Os obradoiros de asesoramento están dirixidos especificamente a equipos de orientación e a equipos directivos de centros de educación secundaria, co fin de dar a coñecer a oferta de titulacións da Universidade de Vigo e as súas saídas profesionais, ademais das características da ABAU e do acceso á universidade.

- Organizar xornadas informativas para as ANPA. Trátase de sesións informativas para familias organizadas a través das ANPA dos centros educativos. Os servizos de información da Universidade de Vigo acudirán aos centros para informar e dar a coñecer os graos e as principais características da nosa universidade.

- Manter actualizado na web da universidade un espazo para que os centros de secundaria e de FP coñezan de forma organizada e con antelación a información, xunto cos formularios de inscrición, do conxunto de actividades de orientación e de divulgación que oferta anualmente a universidade.

- Actualizar na web da UVigo, ligado ao espazo «Ven á UVigo!», un buscador de mestrado e un buscador de doutoramento análogos ao creado no curso 2019/2020 para os estudos de grao.

- Organizar obradoiros de programación para espertar vocacións científico-tecnolóxicas principalmente entre as mozas.

- Se a situación sanitaria o permite, queremos retomar as xornadas de benvida para o estudantado de grao pertencente ao primeiro curso como xeito de consolidar as tarefas previas de captación de alumnado, de forma que este alumnado acade un alto nivel inicial de satisfacción coa institución e poida reducirse o posible abandono dos estudos ou o cambio a outras institucións universitarias.

- Continuar levando a diferentes puntos de Galicia a exposición Eu son UVigo! Esta exposición itinerante ten como principais obxectivos dar a coñecer os perfís de persoas egresadas da Universidade de Vigo, difundir a imaxe da Universidade, visibilizar persoeiros relevantes da UVigo e estar presentes en centros educativos de secundaria e de bacharelato. A exposición comezou no curso 2021/2022 a desenvolver conferencias asociadas á mostra nas que algunha das persoas protagonistas explica a súa experiencia académica e profesional no seu correspondente ámbito de coñecemento.

- Desenvolver o proxecto «Embárcate na ciencia coa UVigo» para o que foi solicitado financiamento adicional na convocatoria de decembro de 2021 de FECYT. Este proxecto aproveita os recurso naturais dos tres campus da Universidade de Vigo para ofrecer divulgación científica a estudantado principalmente de secundaria e bacharelato en contextos marítimos e fluviais.

- Ofrecer asesoramento académico e charlas de orientación a través do SIE na localización institucional do edificio Redeiras de Vigo. Para isto é preciso elaborar materiais impresos como folletos de grao, mestrado

e doutoramento actualizados.

- Participar en feiras e en eventos de captación de alumnado internacionais dirixidos a estudos de mestrado e de doutoramento, como LATAM Feria de Postgrado para dar a coñecer a nosa oferta formativa en América latina.

- Para o conxunto de accións descritas tamén é preciso elaborar mercadotecnia que visibilice a imaxe da Universidade de Vigo a través do seu logo, así como outros materiais promocionais e de orientación.

- Apoiar as actividades de asociacionismo da Universidade de Vigo que contribúan á captación de alumnado en diferentes eventos académicos e culturais.

Cultura

- Manter a oferta dos cursos e dos obradoiros de extensión universitaria así como a programación cultural anual co obxectivo de formar o estudantado en aspectos que complementan á súa formación académica como espectáculos de teatro e de música, concursos de fotografía, música, tradución e creación literaria, ciclos de cine.

- Consolidar o programa de formación "eDestrezas" orientado ao desenvolvemento e á mellora das competencias dixitais da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

- Consolidar o programa de axudas orientadas o fomento da celebración de "Olimpíadas do Saber" nos diferentes centros da Universidade de Vigo.

- Apoiar as actividades culturais que contribúan á formación integral do alumnado para favorecer o seu desenvolvemento persoal en valores como a solidariedade, o traballo común, o respecto e o espírito crítico.

Benestar, Saúde e Deporte

Para o ano 2022 daráselle continuidade as diferentes actividades desenvolvidas nos anos anteriores en relación con este programa. En concreto,

- Deseñar un plan de acciones deportivas para promocionar e aumentar o interese en actividades deportivas entre a comunidade universitaria.

- Implicar ao alumnado na participación e organización de actividades deportivas, de lecer e de cultura na universidade, e fomentar a súa visibilidade, apoiando calquera iniciativa que teñan de tipo deportivo tales como torneos intercentros, campionatos, cursos, etc

- Fomentar o asociacionismo entre o alumnado vencellado á práctica e o desenvolvemento de actividades

deportivas, mediante a creación de clubs ou asociacións, programas de voluntariado deportivo e a convocatoria de achegas económicas.

- Impulsar unha cultura e un contexto que fomenten os hábitos de vida saudable en colaboración cos distintos axentes e áreas implicadas dentro da Universidade.

- Contribuír á internacionalización da Universidade de Vigo a través da participación de proxectos, eventos e actividades deportivas no ámbito europeo.

### *D.* Aposta pola internacionalización: cara a un ecosistema universitario máis internacional

A internacionalizacion adquire maior relevancia no novo plan de financiamento das universidades galegas e é fundamental na Universidade de Vigo porque implica a proxección internacional das súas capacidades, de xeito que é unha fonte de oportunidades para mellorar a calidade da súa docencia e da súa investigación.

A Universidade de Vigo está nunha posición privilexiada desde o punto de vista lingüístico, histórico, social e cultural para proxectarse cara a outras institucións non só de Europa e de América Latina senón do espazo lusófono. O proceso de internacionalización previsto para o vindeiro ano é o resultado dunha planificación axeitada baseada nunha estratexia transversal dirixida a cada unha das misións da universidade: docencia, investigación, transferencia do coñecemento e divulgación científica. Ademais da continuación do reforzo dos programas tradicionalmente vinculados á internacionalización da universidade, inclúense as seguintes acción algunhas das cales quedaron pendentes de executar por mor da situación xerada pola pandemia:

- Elaborar acordos para a posta en marcha de titulacións conxuntas con universidades estranxeiras.

- Rematar a elaboración dun novo plan de integral de internacionalización con foco no espazo lusófono.

- Mellorar a posición da universidade nas clasificacións internacionais máis salientables, incluídas as de transparencia e bo goberno.

- Modificar a normativa de mobilidade.

- Implementar medidas dirixidas a incrementar a difusión dos resultados acadados, mellorar a súa interpretación e facelos máis accesibles ás persoas con diversidade funcional.

- Seguir dixitalizando a Oficina de Relacións Internacionais (ORI). - Implantar completamente as novas ferramentas informáticas.

- Mellorar a web da ORI e poñer en funcionamento as RRSS.

- Finalizar o deseño do Welcome Center online da Universidade de Vigo e mellorar os protocolos de

benvida. Programa Piloto integral de atención a autoridades e a delegacións estranxeiras.

- Visibilizar a oficina da Universidade de Vigo en Bruxelas, en colaboración coa Vicerreitoría de Investigación.
- Plan de desconcentración da ORI nos campus de Ourense e de Pontevedra e redistribución dalgunhas tarefas. - Actualizar o material promocional e as guías do estudantado, PDI e PAS.
- Tratar de incrementar as mobilidades, centrándonos sobre todo na súa calidade, en colaboración con outras vicerreitorías.
- Incrementar as mobilidades ERASMUS+ K 107 no grao, mestrado e doutoramento, e de prácticas internacionais.
- Consolidar o programa de embaixadores/as e de axentes antena da Universidade de Vigo no exterior.
- Desenvolver dúas Semanas Internacionais, en Pontevedra e en Ourense.
- Terminar de revisar as coberturas e os seguros médicos das posibles incidencias de membros da Universidade de Vigo en viaxes ao estranxeiro, e do estudantado, PAS e PDI entrantes.
- Ampliar a oferta de universidades e países de destino para as mobilidades.
- Responder ante novos retos internacionais cun foco na lusofonía e atendendo a criterios de calidade.
- Participar nun consorcio de universidades para presentar a solicitude dun proxecto European University.
- Consolidar o catálogo de materias English friendly.
- Plan piloto para materias con reforzo de portugués e de francés.
- Analizar a viabilidade da implantación do proxecto Egracons (European Grade Conversion System) para a conversión das cualificacións a fin de permitir unha interpretación transparente dos logros dos/as estudantes no estranxeiro.
- Plan Piloto de urxencias internacionais.
- Consolidar o Programa de internacionalización na casa. Formación do profesorado en COIL Collaborative Online International Learning) e mobilidades virtuais.
- Acordos para poñer en funcionamento protocolos de cambio de nome por razón de xénero nas universidades coas que temos acordos de colaboración e de intercambio.

E. Investigación e Transferencia do coñecemento

A Universidade de Vigo ten entre os seus obxectivos favorecer o benestar e o progreso da sociedade, contribuíndo coas súas capacidades e recursos ao avance do coñecemento, ao desenvolvemento social, ao crecemento económico e á xeración de emprego. A Universidade debe impulsar e apoiar a investigación e a innovación, aliñándoas cos retos da sociedade e coas necesidades do tecido produtivo.

No ámbito da investigación aposta, por unha banda, pola agregación de capacidades e, pola outra, pola especialización da oferta. O efecto destes dous compoñentes condiciona o modo no que a universidade reordena o seu potencial e o presenta para crear valor para a sociedade. Só a suma de grandes capacidades de coñecemento orientado a un fin concreto poden competir polos recursos de investigación de primeiro nivel, tanto públicos como privados.

No ámbito da transferencia a Universidade puxa por poñer ditas capacidades ao servizo da sociedade a través, entre outras accións, da colaboración coas empresas levando seu coñecemento e innovación. Todo isto, necesita tamén dun apoio decidido dos diferentes servizos de investigación da Universidade e do incentivo dos nosos investigadores/as dende a propia Universidade.

Os principais obxectivos de financiamento para o próximo ano mantéñense respecto aos do ano anterior. Para o próximo exercicio, apoiaranse as políticas de agrupación e especialización, traballarase no fortalecemento dos servizos de investigación, consolídase o programas propios de axudas, incentivos e de recursos humanos, e impulsaranse ás políticas e ás actuacións que conecten a investigación que se fai na nosa institución coas necesidades da sociedade e das empresas.

## Obxectivo 1: Políticas de apoio a especialización e agrupación

A estratexia de especialización e agrupamento deseñase sobre catro piares da investigación na Universidade: os campus de Especialización, os Centros de Apoio á Investigación (CAIs) e os Centros e Institutos de Investigación.

Campus de especialización:

Campus do Mar. O Campus do Mar agrega a totalidade das capacidades no ámbito mariño de Galicia e Norte de Portugal, de xeito que converte á nosa institución nun polo interdisciplinario de referencia no ámbito da xeración e transmisión do coñecemento do mar, e o núcleo central e instrumento de liderado do Campus do Mar Galicia-Portugal.

Os obxectivos específicos do Campus de especialización do Mar son:

- Acadar a masa crítica de investigadores que permita a proxección internacional da universidade no ámbito do mar.

- Visibilizar nunha única marca a capacidade de xeración de coñecemento e formación da Universidade de Vigo.

- Actuar como xanela da universidade no proceso de transferencia de coñecemento cara aos sectores empresariais.

- Converterse nun polo de atracción de talento investigador a escala estatal e internacional.

Unha vez finalizado o financiamento externo deste proxecto, a Universidade de Vigo segue apostando polo seu desenvolvemento Con este propósito, continuarase a traballar no proxecto de transformación da antiga ETEA para convertela na verdadeira Cidade do Mar da UVigo, que acollerá a sede central do complexo científico, incluíndo aulas e laboratorios. Así mesmo, traballaremos para que este complexo se converta tamén nun centro xerador de riqueza.

Crearase a Universidade de Verano da Eurorrexión nas instalacións do Campus do Mar coa finalidade de ofrecer unha oferta variada e atractiva de todos os ámbitos do saber e coñecemento humano. Promoverase o debate en temas na fronteira do coñecemento de interese internacional e interrexional, así como a proxección á sociedade, integrando actividades de formación, divulgación e implicación da sociedade dirixidos a diversos públicos, como congresos, cursos especializados, obradoiros, conferencias, campus de verán e eventos sociais e institucionais.

Fomentarase o emprendemento mariño de base tecnolóxica, en coordinación coas principais entidades de fomento do emprendemento e innovación da Eurorrexión, en particular o Consorcio da Zona Franca de Vigo, e dirixido a estudantes, emprendedores, investigadores e público xeral.

Permitirase a instalación de infraestruturas e tecnoloxías singulares aplicadas ao medio mariño, aproveitando a ubicación estratéxica sobre a liña de auga, así como laboratorios especializados que xeren contornas de experimentación nas que os investigadores poidan fomentar a innovación. Procurarase a creación de novos produtos e infraestruturas axeitadas ás necesidades reais das empresas e da sociedade. Habilitaranse espazos e infraestruturas nas que se desenvolverán e probarán prototipos tecnolóxicos

Campus Vigo Tecnolóxico. Este campus de especialización pretende aglutinar aos diferentes Centros, Agrupacións Estratéxicas e Escolas de Enxeñaría do Campus de Vigo baixo o paraugas da innovación tecnolóxica, orientada tanto á investigación aplicada como á transferencia.

Os obxectivos que se pretenden acadar dentro do desenvolvemento do Vigo Tecnolóxico son:

- Definir as liñas básicas de actuación para a especialización da Universidade de Vigo na investigación aplicada e na transferencia de tecnoloxía ao tecido empresarial

- Establecer sinerxías entre as diferentes Escolas que pertencen a Universidade de Vigo: Escola de

Enxeñaría Industrial, Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións e Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía.

- Promover e potenciar o nome Vigo Tecnolóxico para que sexa un referente na transferencia do coñecemento baseado explicitamente na aplicación das novas tecnoloxías no tecido empresarial próximo.

- Fomentar a cooperación entre os grupos de investigación do ámbito tecnolóxico para optar a proxectos ou contratos de maior envergadura, cubrindo de xeito conxunto un grande espectro de necesidades.

- Establecer ou intensificar as relacións con empresas, asociacións, clúster etc... de Galicia, do noroeste de España e do norte de Portugal, para dar a coñecer as capacidades de transferencia e innovación da Universidade de Vigo.

Centros de apoio a investigación

A Universidade conta con catro centros de apoio a investigación:

Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI). Proporciona apoio científico e tecnolóxico tanto aos membros da comunidade universitaria como aos organismos públicos de investigación (OPI), no ámbito nacional e internacional, e entidades privadas da nosa contorna. O seu principal obxectivo é a adquisición, xestión e utilización centralizada de grandes equipamentos científicos coa vocación de proporcionar apoio. O CACTI consolidase como una infraestrutura de referencia da Universidade de Vigo.

Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat). Ofrece instalacións de vangarda a pé de mar e servizos científico/técnicos especializados a calquera entidade pública ou privada interesada na investigación mariña. A ECIMAT é un elemento clave na estratexia de internacionalización do CIM, participando en numerosas iniciativas internacionais.

Centro de Investigación Tecnolóxico e Industrial (MTI). Infraestrutura creada para dar soporte e fomento a labores de investigación, desenvolvemento e transferencia no campo das Tecnoloxías e os Procesos Industriais.

Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI). Centro para potenciar o desenvolvemento do I+D+i nas empresas, mediante a creación de espazos de colaboración para favorecer e transferir coñecemento dende a universidade ao tecido empresarial a través de proxectos conxuntos de I+D+i relacionados con o ámbito agroalimentario, biotecnoloxía, enerxía, medio ambiente e tecnoloxías da información.

Os obxectivos a acadar o próximo ano para estes centros son:

- Implantar o sistema de xestión de servizos LIMS, nos diferentes centros de apoio a investigación

- Manter e mellorar as infraestruturas centralizadas e optimizar os servizos prestados á comunidade investigadora, tanto aos grupos de investigación da Universidade de Vigo, como as OPI e empresas.

- Fomentar o uso das infraestruturas dos centros de apoio a investigación CACTI mediante a implantación dun sistema de bonos derivados dos custes indirectos dos proxectos de investigación.

- Actualizar o catálogo de infraestruturas científico-técnicas centralizadas de investigación, que facilite a oferta optimizada e coordinada de servizos.

- Renovación da certificación de calidade ISO 9001 xa existente no CACTI integrada nun sistema xeral de calidade na investigación da Universidade de Vigo.

- Complementar a adquisición das infraestruturas científico técnicas, resultado das convocatorias 2021 de Axudas para a adquisición de Infraestruturas científico técnicas do MICIU.

- Implantar o sistema de Xestión de calidade ISO 9001 da ECIMAT no sistema xeral de calidade na investigación da Universidade de Vigo.

Centros e institutos de investigación

A Universidade de Vigo conta na actualidade con catro centros de investigación (CIM, CINBIO, aTlanTic e Cintecx) e foron aprobados recentemente os centros ECOBAS, CITMAGA e CISPAC.

Os obxectivos para o ano 2022 son os seguintes:

- Apoiar as centros e os institutos de investigación co persoal contratado con cargo a axudas do programa INVESTIGO da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta.

- Apoiar as candidaturas dos novos centros (Cintecx, ECOBAS, CITMAGA e CISPAC) como centros de investigación da Xunta de Galicia

- Complementar o financiamento basal dos centros

- Promover novos institutos de investigación en sectores con potencial de desenvolvemento, como son o ámbito xurídico-social, as humanidades, e o ámbito agroalimentario.

- Por en marcha un procedemento de acreditación e certificación institucional da calidade que abrangue todos os centros de apoio á investigación e os centros de investigación da universidade

## Obxectivo 2: Fortalecemento das estruturas de apoio a investigación e transferencia.

De xeito especial, a Oficina de Proxectos Internacionais (OPI). Esta oficina ten como finalidade informar, axudar e levar a carga administrativa, financeira e de coordinación dos proxectos internacionais, sendo un servicio clave de apoio aos investigadores na súa proxección internacional.

Os obxectivos do próximo ano pretenden:

- Mellorar a formación no ámbito da investigación do persoal de apoio
- Definir as necesidades dos diferentes servizos universitarios vinculados á investigación, á transferencia (OPI, Servizo de Apoio á Investigación, OTRI)
- Iniciar o proceso de deseño de sistemas de harmonización e procedementos de traballo interconectados
- Reforzar a coordinación entre os centros e as agrupacións de I+D e os servizos de xestión.
- Identificar as necesidades de información en investigación e transferencia.
- Elaborar bases de datos e informes compilando información e impulsando o portal da investigación DIALNET.
- Mellorar e manter a páxina web e as ferramentas de apoio en liña, clarificación dos procedementos, mellora nos canles de comunicación e posta en marcha de solicitudes de axudas de carácter telemático.
- Fomentar o apoio no desenvolvemento de proxectos competitivos de ámbito nacional e internacional.
- Dar continuidade á contratación de xestores e xestoras de promoción de proxectos nacionais e internacionais, con especialización en cada ámbito de coñecemento, que darán apoio ao persoal investigador na identificación de oportunidades de financiamento e a preparación de propostas.
- Contratar tecnólogos e tecnólogas para apoio nos servizos xerais de investigación.
- Desenvolver e revisar o plan de acción establecido no cadro da Estratexia de Recursos Humanos de Investigación HRS4R, e o selo Human Resources Excellence in Research acadado pola Universidade en 2017 e validado en 2019. (http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/investigacion/rrhh/estrategias_rrhh.html).
- Fomentar as actividades de divulgación científica con apoio por parte da OPI e da UCC-i coa realización de actividades de difusión e coa solicitude de proxectos de carácter institucional, en colaboración con outras institucións, que abranguen a todo o persoal docente e investigador da UVigo

## Obxectivo 3: incentivar a investigación na nosa universidade

Eventos de información e formación

- Organización de eventos de información e de formación na preparación das solicitudes para os proxectos nacionais e internacionais en áreas cunha baixa taxa de éxito.

Programa propio de axudas á investigación 2022

- Axudas estruturais a grupos de investigación, especificamente destinadas a incentivar a excelencia dos grupos, e á mellorar a súa competitividade en convocatorias de ámbito autonómico, nacional e internacional.

- Financiamento de actividades de difusión dos resultados de investigación e da creación artística, a través da organización de congresos e reunións científicas e de exposicións, cunha especial referencia á calidade demostrable e á repercusión internacional das actividades propostas

- Apoio á formación do persoal investigador, tanto no que respecta a contratos para realizar os estudos de doutoramento como a actividades de mobilidade (bolsas de viaxe, estadías).

- Axudas á preparación de propostas de proxectos internacionais, para promocionar a participación dos investigadores e investigadoras en redes internacionais e outras actividades con obxecto de facilitar o seu acceso a fontes de financiamento internacionais.

Outros programas propios de promoción da investigación

- Programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo.

- Programa de captación de talento investigador de excelencia da Universidade de Vigo.

- Programas internacionais de captación de persoal investigador desde as agrupacións estratéxicas e os centros de investigación (programa COFUND).

- Avaliación e remuneración da produción de investigación e produción de transferencia

- No ano 2022 avaliarase a produción de investigación e de transferencia do ano 2021 e aboarase a produción do ano 2020 a primeiros de ano. A avaliación farase cos criterios aprobados no Consello de Goberno do 12 de marzo do 2021.

Proxectos, contratos e axudas externas á investigación (axudas finalistas)

- Actividades de investigación procedentes de proxectos competitivos en convocatorias autonómicas,

nacionais e internacionais

- Bolsas e axudas externas para persoal investigador
- Amortización de préstamos a longo prazo
- Contratos de investigación
- Outros compromisos

## Obxectivo 4: impulsar políticas de transferencia do coñecemento

Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social, a través da cooperación con entidades públicas e privadas.

Os obxectivos propostos para o vindeiro exercicio enmarcados en liñas de actuación son:

- Promover a creación de unidades mixtas empresa-universidade (UMI)
- Organizar eventos con axentes económicos e sociais da contorna
- Potenciar os acordos, os convenios e os programas de cooperación con empresas e con institucións galegas.
- Participar a través da Oficina de I+D en misións comerciais nacionais e internacionais , tales como Foro Transfiere, Biospain, Mindtech etc.
- Elaborar programas específicos para investigadores propios da UVigo, enfocados á promoción da transferencia de coñecemento.
- Fondo de protección e valorización da Universidade de Vigo: ten como finalidade protexer e poñer en valor os resultados innovadores da I+D da Universidade con potencial de mercado, para que poidan ser transferidos á sociedade mediante acordos de colaboración, ou de licenciamento, ou mediante a creación de novas empresas baseadas no coñecemento.
- Apoio específico ao financiamento dos gastos de instalación das EBT da Universidade de Vigo.
- Programa de teses de doutoramento industriais encamiñado a fortalecer colaboracións coas empresas, no ámbito da innovación, contribuíndo ademais ao impulso da investigación aplicada próxima ao mercado e a formación dun persoal de I+D+i fortemente especializado e vinculado ás necesidades que demanda o tecido empresarial.

- Axudar o persoal investigador no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos con niveis de maduración de TRL1 a TRL3, que faciliten a súa comercialización.

## Infraestruturas

No actual marco de transición enerxética cara a un modelo de baixas emisións, a Universidade de Vigo require de importantes transformacións. O programa da Vicerreitoría de Planificación conta para o exercicios 2022 cunha dotación de 6.505.736 €, incrementando os importes verbo do exercicio precedente debido a que para o exercicio 2022 incorpórase unha dotación finalista para actividades de centros docentes e para rematar as infraestruturas de eficiencia enerxética.

Asemade, conta cunha dotación centralizada para levar a cabo as actuacións estratéxicas dos campus de Ourense e de Pontevedra, e segue a dárselles prioridade ás actividades de mantemento, actualización e conservación da infraestrutura existente, sen prexuízo de manter a dotación dos laboratorios docentes para a xeración de nova infraestrutura.

A través desta vicerreitoría aténdese fundamentalmente:

a) Dende o capítulo II de gastos correntes en bens e servizos, aos gastos derivados das actividades centralizadas de mantemento e conservación do campus de Vigo, así como aos custos dos servizos de soporte xestionados para o conxunto da comunidade universitaria, caso da Unidade Técnica ou do mantemento dos ecosistemas axardinados e seminaturais. b) Dende o capítulo VI de investimentos reais, á marxe da dotación prevista para os laboratorios docentes da Universidade, aténdense aos gastos derivados das actividades centralizadas de mellora das infraestruturas e dos equipamentos nos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra.

Tamén como obxectivos da vicerreitoría é converter o Plan estratéxico de sustentabilidade da UVigo 2021 nun plan ODS para a universidade. A aplicación dos obxectivos ODS (7 e 15) e a súa inclusión, na medida do posible, nos pregos de prescricións técnicas tanto de subministracións de servizos (fundamentalmente enerxía), como de obras e infraestruturas (melloras de illamento, optimización de sistemas de climatización). Ao mesmo tempo, exporase un control material da efectiva realización de obras, servizos e subministracións.

Tamén se deberán realizar investimentos que permitan favorecer a eficiencia enerxética, a xeración de enerxía e o transporte sostible, así como actuacións do plan Suvi.

En canto aos servizos tecnolóxicos, exponse a implementación de distintos servizos de Administración electrónica, o inicio da implantación do programa de xestión académica Sigma, a mellora da infraestrutura wifi nos centros ou a implantación do correo de Microsoft365 como estándar da universidade, entre outros.

En canto a prevención de riscos e saúde laboral, preténdese avanzar na actualización dos plans de seguridade e de avaliación dos centros, e de riscos en todas as áreas e postos de traballo, e adoptar as medidas pertinentes para o seu control.

## Responsabilidade Social Universitaria (RSU) e Cooperación para o Desenvolvemento (CUD).

A UVigo é unha universidade inclusiva e aliñada á Axenda 2030. En colaboración co Consello Social, no ano 2022 terminarase de deseñar a estratexia de valor compartido (RSU), que quedara sen rematar pola situación derivada da pandemia, e que ten como obxectivo acadar un diálogo transparente cos diferentes grupos de interese para a produción e transferencia ética de coñecemento e a formación dunha cidadanía e profesionais responsables socialmente e críticos coa realidade.

Continuarase co reforzo dos programas tradicionalmente vencellados á RSU: mellora dos mecanismos que garantan o acceso e a permanencia universitaria de colectivos en situación de vulnerabilidade ou risco social; bolsas de residencia, de transporte e de comedor, entre outras (mencionadas no apartado de bolsas).

Seguiremos impulsando a transversalidade da responsabilidade social na gobernanza, aliñamento da oferta de graos, mestrado e doutoramentos á Axenda 2030 e fortalecemento do Programa integral de saúde e benestar (programa de pausas saudables, venda automática saudable e mellora da información nutricional dispoñible sobre as ofertas alimentarias do campus). Así mesmo continuaremos avanzando noutras cuestións aínda pendentes:

- Posta en marcha da plataforma de crowdfunding e mecenado da Universidade de Vigo.
- Piloto de programa de mobilidade rural, en colaboración co RIO Observatorio of Rural Research, Deputaciòn de Ourense e diversos concellos rurais da provincia.
- Plan piloto de avaliación do impacto social da investigación da UVigo.
- Creación de novas redes de colaboración con institucións públicas, o sector privado, o terceiro sector e a comunidade.
- Posta en marcha do plan UVigo Participa. Piloto de orzamentos participativos para asociacións de estudantes.
- Implementación da folla de ruta do Observatorio RIO (International Observatory of Rural Research) para analizar, investigar e poñer en marcha proxectos de vangarda no medio rural. Implementación de mecanismos rural proofing na Universidade.
- Manual de viaxes, eventos e turismo académico sustentables.

No tocante á atención á diversidade, continuaremos coa mellora da súa xestión: acceso, adaptacións curriculares, internacionalización, deporte inclusivo e accións positivas. Impulsaremos a formación universitaria destinada a persoas con diversidade intelectual e a formación da comunidade universitaria servizos ofrecidos pola Universidade de Vigo ao estudantado con diversidade funcional. Continuaremos avanzando nos seguintes

plans:

- Auditoría completa de accesibilidade do Portal UVigo, Campus Remoto e outras ferramentas web.
- Crearase unha plataforma repositorio de materiais de atención á diversidade.
- Deseño do plan de atención a estudantes con altas capacidades.
- Deseño do plan de atención a estudantes con dificultades na lectoescritura.

Poñemos novamente o foco na participación e sensibilización da comunidade universitaria sobre o valor da cooperación para o desenvolvemento (CUD) como compromiso institucional co desenvolvemento humano global, a acción solidaria e a igualdade de oportunidades. A UVigo será ademais en 2022 a responsable da coordinación das acción da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, con apoio da Xunta de Galicia. Continuaremos reforzando os programas tradicionalmente vencellados ao Plan de compromiso social:

- Segunda convocatoria de bolsas e axudas para facilitar o acceso aos estudos universitarios de persoas refuxiadas.
- II Programa universitario para o emprego e a vida autónoma dirixido a estudantes con discapacidade intelectual.
- Fomento do asociacionismo e da participación do estudantado, do voluntariado, das accións de solidariedade e CUD: desenvolvemento de programas de voluntariado que favorezan a adquisición de valores e habilidades vencellados á solidariedade por parte do estudantado, PAS e PDI.
- Mellora do programa de apoio para universitarios e universitarias procedentes de países en situación de emerxencia e para estudantes, docentes e investigadoras e investigadores refuxiados ou demandantes de asilo, e apoio tamén a outros colectivos vulnerables.
- Apoio á comunidade universitaria na preparación de proxectos orientados á CUD, en colaboración coa OPI (Oficina de Proxectos Internacionais) e sensibilización da comunidade universitaria nese ámbito a través da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento.
- Elaboración de propostas para a captación de recursos externos, especialmente os programas internacionais de cooperación ao desenvolvemento, a través de acordos con institucións do cuarto sector, co SEPIE e coas Fundacións Carolina e Mulleres por África, entre outras.
- Continuación co plan de formación en CUD.
- Bolsas para estudos de posgrao coxestionadas con diferentes entidades.

- Consolidación dos premios HUVigo.

- Desenvolvemento do programa interxeracional, que incluirá conferencias, obradoiros e visitas culturais.

- Mellora da base de datos de persoas e grupos de investigación en materia CUD.

- Continuación co programa de fortalecemento dos nexos institucionais con universidades e institucións académicas e/ou de investigación en países preferentes para a colaboración en accións de CUD.

- Organización da segunda Feira da Solidariedade e concertos solidarios nos tres campus, que quedaran anulados en 2021 pola situación derivada da pandemia.

- Organización do terceiro plan de APS (aprendizaxe-servizo), en colaboración con diferentes entidades.

- Programa integral de formación ao voluntariado de estudantes, PAS e PDI.

- Implementación das redes sociais de cooperación.

- Constitución da Comisión de Compromiso Social da UVigo.

- Establecemento de alianzas con ONG de carácter internacional.

- Creación do mapa da CUD da UVigo.

- Creación do Fondo de Cooperación da UVigo e o seu regulamento, co obxectivo de regular a xestión, achegas que o integran, planificación do destino de fondos, avaliación e rendemento de contas.

- Fomento da participación da UVigo en programas de ciencia participativa e solidaria, con foco en territorios do rural de Galicia e norte de Portugal.

- Implantación da estratexia dun voluntariado ciberigualitario.

Como novidades:

- Crearanse a normativa de proxectos educativos e de cooperación internacionais e a normativa de creación de grupos de cooperación universitaria ao desenvolvemento.

- Dentro da liña rural proofing da UVigo, iniciaremos o proxecto Campus rural de prácticas universitarias, en colaboración coa Crue Universidades Españolas, Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, e Ministerio de Universidades.

No que se refire á Oficina de Relacións Internacionais, a oficina, a maiores do seu propio subprograma, desenvolve a súa actividade a través de varios subprogramas. Algúns que xa se viñan desenvolvendo de anos

anteriores como Erasmus, ISEP, e outros que se inician neste exercicio. Incrementa significativamente o seu orzamento grazas ao éxito nas convocatorias e ao financiamento que se recibirá do SEPIE para a xestión dos programas de mobilidade: aumento da dotación inicial do proxecto 2020-1-ES01-KA103-078369 e aumento da dotación das bolsas Erasmus + co novo programa Erasmus 2021-2027. Isto permitirá incrementar o número de mobilidades de estudantes, PDI e PAS, incrementar a dotación das bolsas e crear convocatorias de mobilidades curtas para doutoramento. Así mesmo impulsarase a captación de estudantes internacionais para o grao e posgrao, fóra dos programas de mobilidade, cun foco en Iberoamérica e na lusofonía, en colaboración coa dirección de área de captación.

## Comunicación e Relacións Institucionais

Durante o ano 2022, desde a Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais seguiremos xestionando a comunicación da Universidade de Vigo con eficiencia, en servizo da institución e dos nosos diferentes públicos.

A través da execución e da actualización do noso plan de comunicación presentado en 2021, o primeiro na historia da institución, contribuiremos a acadar os obxectivos marcados no Plan estratéxico 2021-2026 para converter a Universidade de Vigo nunha institución máis internacional, máis igualitaria, máis sostible, máis innovadora, máis comprometida coa lingua galega e máis integrada na sociedade.

Traballaremos para fortalecer a nosa estrutura de comunicación e homoxeneizar a comunicación institucional a través da aplicación das distintas canles, ferramentas e protocolos á disposición; tamén apostaremos por accións de interese que nos permitan responder do mellor xeito posible aos novos desafíos da comunicación interna e externa, derivados da expansión das novas tecnoloxías, do desenvolvemento de novos modelos de relacións sociais e da introdución de novos soportes.

## Campus de Pontevedra (Campus Crea)

Obxectivos nas diferentes áreas de actuación para o ano 2022

A experiencia e capital humano do campus de Pontevedra define baixo unha mesma marca e imaxe o proxecto de especialización do campus. O concepto aglutinador de todas as disciplinas que se imparten en Pontevedra relaciónase coa creatividade en si mesma, baixo o prisma da innovación social, entendéndoa como un proceso esencial para a resolución dos problemas e retos sociais mediante novas solucións innovadoras adaptadas á realidade.

Resulta polo tanto de especial relevancia fomentar a creatividade do colectivo universitario do Campus de Pontevedra e afianzar as estratexias desenvolvidas durante estes últimos anos, así como promover novas actuacións que consoliden o proxecto do campus como referente de creatividade no ámbito universitario galego.

As actuacións para realizar durante o ano 2022 no marco do Campus CREA e Green Campus teñen como obxectivo achegar maior singularidade e especialización ao campus de Pontevedra. En particular:

- Retomar a celebración da Semana Internacional da Creatividade e a Innovación, un sinal de identidade do noso campus, na que se desenvolven multitude de accións nos diferentes ámbitos, coa innovación e a creatividade como motores. Neste campo, preténdese organizar a segunda edición dos Premios CREA: Creatividade e Innovación do campus CREA, buscando unha maior participación do estudantado do campus de Pontevedra.

- Seguir participando no Pont-Up Store, un dos estandartes das actividades de emprendemento e de transferencia do campus de Pontevedra.

- Reforzar a estratexia para incrementar a visibilidade do campus de Pontevedra, tanto a nivel social como de investigación e transferencia, a través de diversas iniciativas. Neste sentido resulta imprescindible a consolidación da revista International Multidisciplinary Journal CREA, unha poderosa ferramenta de divulgación da ciencia que se fai no campus de Pontevedra. Tamén o son as actividades de promoción e divulgación do campus, así como a participación en accións de internacionalización e colaboración con entidades de interese. E nesa liña sitúase a elaboración do catálogo de servizos do campus de Pontevedra, que deberá funcionar como un instrumento que dea a coñecer o noso campus a todos os sectores interesados, tanto académicos como científicos e sociais.

- Reforzar no campus a investigación e a transferencia. Para isto, seguiranse a organizar as «Xornadas de Investigación Campus CREA», na súa terceira edición, e as reunións de traballo entre os grupos de investigación do campus de Pontevedra e as empresas da nosa contorna.

- Canalizar as iniciativas para petición de proxectos nacionais e internacionais e as colaboracións con empresas co asesoramento dun técnico de I+D e unha xestora do campus CREA.

- Deseñar unha convocatoria de premios a proxectos innovadores para impulsar os proxectos especialmente relevantes, tanto en investigación como en transferencia.

- Consolidar os «Premios TFG e TFM do campus de Pontevedra», como recoñecemento do traballo feito polo alumnado do campus de Pontevedra en materia de iniciación á investigación.

- Desenvolver, como cada ano, un conxunto de actividades dirixidas á difusión, formación e concienciación no ámbito da educación ambiental e á protección do medio ambiente. Estas actividades son especialmente relevantes nun campus que ten asignada a bandeira verde do programa internacional Green Campus.

As actuacións neste ámbito para o curso 2021-2022 quedan definidas no VII Plan de Acción do programa internacional Green Campus, que recolle 74 medidas para desenvolver ao longo do ano, e que deberán ser levadas a cabo fundamentalmente polas escolas e facultades do campus baixo a coordinación da vicerreitoría.

Neste plan inclúese unha bolsa de formación específica Green Campus dunha duración de cinco meses (marzo a xullo), coincidindo coa época máis activa na aplicación de actuacións de educación ambiental. Tamén se inclúen concursos e premios para a divulgación do Programa Green Campus.

En materia de infraestruturas preténdese realizar as seguintes actuacións:

- Crear unha aula permanente ambiental na parte posterior da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

- Mellorar os espazos e vieiros públicos do campus, así como a reestruturación das zonas de estacionamento e zonas verdes, tendendo a humanización do campus.

- Acondicionamento do aparcadoiro da Escola de Enxeñaría Forestal, mellorando o pavimento e dotándoo dunha nova saída á vía perimetral.

- Mellorar a cuberta e fachada na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e na Escola de Enxeñaría Forestal.

- Mellorar o pavimento do pavillón universitario.

- Dotar do equipamento, material e infraestruturas necesarias para o uso das tres andares do edificio de Benito Corbal cedidas pola Xunta de Galicia.

- Sinatura de convenio de colaboración coa Xunta de Galicia co fin de crear un espazo de investigación e innovación en materia de solucións acústicas a través do emprego da madeira.

- Terminar de implantar nos centros educativos unha iluminación eficiente e responsable a través da instalación de lámpadas de led e sensores de movemento.

- Implantación nos edificios, onde a cuberta o permita, de plantas fotovoltaicas.

- Obras menores vinculadas ao mantemento e conservación dos edificios.

Desde a Área de Dinamización Cultural, Educación e Integración desenvolveranse toda unha serie de accións encamiñadas a consolidar as propostas realizadas en edicións anteriores, así como a lanzar outras novas que impliquen unha ampliación e complementariedade das xa existentes, co propósito de robustecer a programación propia e aqueloutra na que participamos en colaboración con outras institucións (Concello de Pontevedra, Museo de Pontevedra, Aula Castelao de Filosofía, Asociación Down Pontevedra...). Entre as accións propias máis salientables, sitúanse as seguintes:

- Aula de teatro do campus de Pontevedra. Ademais de impartirse un curso extenso de teatro, no que se abordan todos os pasos desta manifestación desde o texto á súa representación escénica, a obra resultante

será estreada nas xornadas MITEU, que aglutinarán en Pontevedra compañías teatrais nacionais e internacionais.

- Aula de música tradicional do campus de Pontevedra. Seguiranse impulsando os seus diferentes grupos de gaitas, zanfonas e acordeóns por medio da súa dotación material, así como a súa participación en eventos culturais de dentro e fóra da Universidade de Vigo. Alén disto, os e as integrantes desta aula articularán experiencias artísticas con outras entidades musicais que concluirán con intervencións conxuntas en diferentes espazos da cidade de Pontevedra.

- Sala Universitaria Profesor Manuel Moldes. Coa intención de potenciar esta sala tras a súa remodelación, establecerase unha convocatoria pública para que todas as persoas ou entidades interesadas poidan presentar os seus proxectos artísticos para que sexan expostos. A través do labor das persoas bolseiras, esta sala terá establecido un horario permanente para as visitas.

- Contextos urbanos. Inclúe unha serie de encontros, nos que intervirán profesionais de diferentes campos do pensamento, da creación, do medio ambiente, da mobilidade ou da educación, con especial atención aos membros da comunidade educativa da Universidade de Vigo, que permitan ese cruzamento de identidades para xerar unha nova perspectiva sobre o espazo urbano como campo de reflexión.

- Novos cinemas. Festival internacional de cinema de Pontevedra. Este certame cinematográfico, que se orienta á detección e difusión do talento emerxente neste ámbito, centrará parte dos seus esforzos en cartografar a vangarda cinematográfica internacional, ademais de chamar a atención sobre o cinema desenvolvido na comunidade galega e na península ibérica.

- Música para reCREAr. Esta proposta reúne unha serie de concertos de estilos e correntes musicais variados (folk, jazz, blues…) para poñer en valor tanto as agrupacións consolidadas como as que están a emerxer no ámbito galego.

- Cara á sostibilidade. Desenvolveranse varias actividades (charlas, obradoiros, rutas..) relacionadas co amplo concepto de sostibilidade, por medio das cales se busca ofrecer formación e accións propositivas en relación á riqueza e necesidade da preservación e recuperación do conxunto da biodiversidade natural e cultural.

- Residencia ComTecArt. Lanzamento e apoio, xunto á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, da residencia ComTecArt, na que o grupo de innovación docente homónimo será o condutor desta proposta de carácter innovador na Cidade da Cultura. Este obradoiro estará dirixido a alumnado da Universidade de Vigo e ten como finalidade a elaboración dun prototipo de videoxogo baseado nunha obra literaria.

- Talento, superación e desafíos. Por medio desta iniciativa búscase reunir diferentes persoas que destacasen no seu ámbito profesional tanto polas súas capacidades coma polo seu afán de superación constante, co

obxectivo de que sexan punto de referencia para afrontar o futuro con optimismo e alento, pese ás adversidades.

- Contos de inverno. Ao redor deste ciclo reuniranse contadoras e contadores de historias que, desde a súa sensibilidade polo propio e as súas habilidades creativas, parten da literatura de transmisión oral para enfiar esas historias que reflicten o noso xeito de ser, pensar e actuar como colectivo cunha identidade propia.

- Pensamento e creación. Estas xornadas propóñense afondar no pensamento que hai detrás das creacións artísticas e as necesidades que se agochan detrás das persoas creadoras. Dese esta perspectiva, neste encontro entre o pensamento e a creación porase o foco en diferentes problemáticas e conflitos da sociedade actual desde o teatro, a música, o debate…

- Días singulares. A Vicerreitoría do Campus de Pontevedra tamén desenvolverá múltiples actividades literarias, musicais, artísticas… con motivo de celebrar as efemérides de suma importancia no noso contexto cultural: Día de Rosalía de Castro, Día das Letras Galegas…

- Congreso de Mediación Lectora. En colaboración co Concello de Pontevedra, a vicerreitoría implicarase neste congreso internacional que se insire na programación do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

- Mens sana in corpore sano. Baixo esta expresión latina, acolleranse actividades formativas e creativas que permitirán abordar aspectos que afectan a saúde mental, a alimentación, o exercicio físico…, encamiñados cara aos estilos de vida saudable para mellorar as condicións de vida das persoas.

- Talleres formativos, de creatividade e promoción económica. Realización de diferentes talleres orientados á elaboración de contidos para redes sociais, á ilustración aplicada á cartelaría e mercadotecnia, ao retrato creativo, ás novas tecnoloxías e á educación…

- Docs do mes. Seguiranse proxectando as propostas desta rede de cine documental, que engloba máis de noventa salas de cine de España e de América.

- Ao redor de Nós. Despois dunha sesión inaugural impartida por unha persoa especializada nos elementos definitorios da nosa cultura (literatura, música, gastronomía...), realizaranse diversas experiencias, actuacións, obradoiros…, que complementarán o contexto inicial deseñado e que lles permitirán participar aos asistentes en primeira persoa nese descubrir ou redescubrir do patrimonio galego.

- Música e integración: «mi, re, do de ensino musical para a inclusión». Trátase dunha iniciativa formativa que reúne alumnado universitario e membros da asociación Xuntos Down Pontevedra. A través da música, preténdese propiciar estratexias e recursos para que as persoas con características especiais poidan adquirir outras linguaxes, á vez que se crean contextos de convivencia inclusivos.

- Ecopercusión. Sesións formativas de carácter musical que promoven o achegamento a diferentes culturas, por medio da voz, o canto e os instrumentos.

- Obradoiros de extensión universitaria. En cada cuadrimestre xestionarase todo o relativo a estes obradoiros multidisciplinarios, que se tentarán dinamizar despois do período de pandemia.

- Cursos de extensión universitaria. Xestión e difusión destas actividades que ofrecen a posibilidade de complementar as liñas de formación impartidas desde o campus de Pontevedra.

- Exposicións. No edificio da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra tamén se achegará a posibilidade de albergar exposicións de índole diversa tras a petición das persoas interesadas e a valoración das propostas.

- Bolsas. Manteranse as bolsas dirixidas ao alumnado universitario para realizar diferentes funcións na Sala Universitaria Profesor Manuel Moldes (2 bolsas) e de difusión de redes sociais na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra (1 bolsa).

## Campus de Ourense

Campus Auga

Antes de que remate o ano 2021 prevese presentar ante a Xunta de Galicia a documentación que permita obter ao longo de 2022 a acreditación do Campus Auga como campus de especialización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Nesa documentación vai incluído un Plan operativo plurianual, no que se detallan as liñas e accións a desenvolver unha vez obtida a acreditación pola Xunta Galicia.

Así pois, entre as tarefas máis relevantes que haberá que abordar en 2022, cabe subliñar as seguintes iniciativas:

- Posta en marcha do citado Plan Operativo plurianual, asentado en catro eixes de actuación:

a) Fomento da xeración e transmisión do coñecemento excelente.

b) Promoción do talento investigador e das capacidades de I+D+i.

c) Impulso á investigación colaborativa e a innovación empresarial.

d) Consolidación e internacionalización do Campus Auga.

- Estímulo e apoio técnico aos grupos de investigación para acudir con éxito a convocatorias públicas de proxectos e axudas, que permitan ampliar e mellorar o potencial científico dos equipos e laboratorios que desenvolven as súas tarefas no Edificio do Campus Auga.

- Deseño e implementación dun plan de comunicación e social media para darlles maior difusión ás actividades e iniciativas do Campus Auga, e impulsar as colaboracións e accións conxuntas con organismos públicos, entidades privadas, centros educativos e outros, relacionadas coas temáticas da alimentación, medio ambiente e xestión da auga.

- Organización de accións de divulgación científica e fomento do pensamento crítico, en colaboración coa Unidade de Cultura Científica, tales como xornadas de portas abertas, cursos ou conferencias divulgativas.

- Por último, no que se refire ás infraestruturas, será preciso acometer algúns investimentos no Edificio do Campus Auga, algúns xa previstos pero aínda non executados no exercicio 2021 (por exemplo, traslado da planta piloto do CACTI), e outras necesarias para mellorar espazos e instalacións do edificio (sinalización interior, montaxe dun símbolo exterior identificativo do Campus Auga etc.).

CITI

O Centro de Investigación, Transferencia e Innovación está a transformar e adecuar as súas estruturas e actividades para seguir a relación co tecido empresarial e aumentar a visibilidade e proxección sobre a sociedade.

A transmisión de coñecementos e experiencias tanto sobre as empresas como a cidadanía é un dos obxectivos prioritarios de cada o exercicio do 2022. Estes esforzos de difusión e achega de activos tanto culturais como investigadores e de transferencia lograranse o través das seguintes accións:

- Promoción de contactos co tecido empresarial e industrial da contorna, co fin de establecer un vínculo permanente cos parques empresariais e industriais que permita una sinerxía de oportunidades e opcións de colaboración coa universidade.

- Reforzo dos programas de promoción e asesoramento que permitan crear propostas de oportunidades de negocio e a participación de entidades de financiamento no desenvolvemento de novas ideas empresariais.

- Adecuación e modernización dos servizos ofertados e desenvolvemento de novos servizos máis actuais e orientados a cubrir demandas non atendidas na contorna industrial e nos colectivos da universidade.

- Creación de programas de divulgación, formación e promoción no eido do desenvolvemento sostible xunto con outras institucións e agrupacións sociais e cidadáns.

- Realización das xornadas de desenvolvemento sostible, que se realizarán ao longo do ano, a través de actividades de difusión e encontro coa sociedade como seminarios web e obradoiros.

## Actividades previstas para o ano 202. Unidade de Igualdade

### Axudas convocadas pola Unidade de Igualdade

Como ven acontecendo nos anos anteriores, a Unidade de Igualdade ten previsto convocar a terceira edición do Distintivo de Igualdade para recoñecer o traballo da promoción da igualdade entre mulleres e homes nos centros da Universidade de Vigo, recibindo un recoñecemento monetario para investir en máis accións relacionadas coa igualdade. Tamén está previsto convocar os premios Egeria de introdución da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de mestrado. Ademais, a unidade ven ofertando nos últimos anos unha convocatoria de axudas destinadas a toda a comunidade universitaria para financiar actividades de docencia e sensibilización con perspectiva de xénero.

### Datas especiais

Ao longo do ano e coincidindo con datas sinaladas realízanse campañas de sensibilización sobre a temática da igualdade entre mulleres e homes, entre a comunidade universitaria, tanto nos centros como nas redes sociais. O 11 de febreiro, Día Internacional das Mulleres e das Nenas na Ciencia desenvolveranse, como ven sendo habitual, os programas Experimenta en Feminino e o III concurso escolar de debuxo e redacción no campus de Ourense e Elas fan CienTec no campus de Vigo, entre outras actividades a fin de ampliar e estender as actividades deste día para que abrangue a máis alumnado de primaria e secundaria do sur de Galicia. O 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, levarase a cabo o acto institucional da Universidade de Vigo no que se entregará o décimo premio Uviguala de compromiso coa igualdade de xénero. O 25 de novembro, Día Internacional para a eliminación contra a violencia contra as mulleres está previsto realizar unha serie de actividades de sensibilización e de denuncia fronte as dramáticas situacións de violencia contra as mulleres e a publicación do Manifesto da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero Universitarias (RUIGEU) e da CRUE.

### Medidas singulares

Como medidas singulares, a Unidade de Igualdade leva a cabo a aplicación e desenvolvemento do III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo aprobado polo Consello de Goberno o 20 de novembro de 2020. A activación do Protocolo marco de actuación para a Prevención e Sanción Acoso Sexual e por Razón de Sexo, no caso de que fora necesario e o Protocolo de actuación para o cambio de nome e o xénero de uso común das persoas transexuais, transxénero e intersexuais da Universidade de Vigo, cada vez que sexa solicitado polo alumnado. Apoio no desenvolvemento de «Puntos Lilas» nas festas universitarias nos distintos campus, sempre que a situación pandémica e as autoridades sanitarias o permitan (protocolo, cartelería, formación, camisetas...), en coordinación cos decanatos e coas delegacións de alumnado de cada centro solicitante. Actualización do Observatorio de Igualdade, inclusión de novos informes, tales como o informe cos datos máis relevantes do portal de transparencia analizados desde perspectiva de xénero. Seguimento e mantemento das salas de lactación nos tres campus da Universidade de Vigo, en coordinación coa Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade. Ademais da elaboración do Boletín da unidade de Igualdade, que se publicará tanto na web da Unidade de Igualdade como a través do correo electrónico en «avisos» e «comunidade» a toda a comunidade universitaria e tamén nas redes sociais da Unidade de Igualdade.

Actividades de formación

Dentro das actividades de formación previstas levaranse a cabo novas edicións do Itinerario Formativo virtual en Xénero, en coordinación co Vicerreitorado de Ordenación Académica e Profesorado; organización, xunto coas unidades de igualdade da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade da Coruña das VIII Xornada Universitaria Galega en Xénero (XUGEX); Xornadas Violencia Off. Xornadas de prevención e sensibilización sobre violencia sexual na mocidade coa Secretaría Xeral de Igualdade, nos tres campus da universidade; reunión CRUE-Sostenibilidade 2022 e XX Encontro de Unidades de Igualdade 2022. Por último, cursos de formación sobre temáticas relacionadas co xénero nas universidade e no ámbito científico e outras reunións de interese con administracións públicas e outros organismos e entidades.

Outras actividades

Para finalizar a Unidade de igualdade participa como xurado nos premios ao mellor TFG e TFM con perspectiva de xénero 2022, convocados pola Valedora do Pobo; edición do calendario 2023, con versión descargable na web da Unidade de Igualdade. Ademais, en colaboración coa Unidade de Análise e Programas, realizaranse informes para diferentes organismos como a Valedoría do Pobo de Galicia, a Secretaría do Ministerio de Ciencia, en relación con datos desagregados por xénero e políticas de xénero da nosa universidade, entre outros. Coordinación coas unidades de igualdade galegas e nacionais para a elaborar manifestos conxuntos para celebrar días especiais (8M, 25N, 28X).

Prevese recibir financiamento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero por parte da Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, para financiar actividades destinadas á formación, sensibilización e investigación relacionadas coas medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Prevese recibir financiamento para continuar co desenvolvemento da Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO para desenvolver actividades de investigación vinculadas á análise feminista da sociedade dixital, a promoción das vocacións STEM nas rapazas a través dos Premios GirlGeekCovid, a convocatoria do recentemente creado Comité de Sabias para traballar como comité científico do cuarto obradoiro (Workshop Hackeando o Patriarcado) como espazo de reflexión conformado por expertas neste ámbito, a fin de tratar esta temática e continuar co Observatorio Stop Machitroles, a entre outras actividades.

# II Teito de Gasto

Tal como establece o RD lei 14/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo a Universidade debe aprobar un límite de gasto para o exercicio 2022.

Para isto, e dado que o RD lei non establece un método de cálculo, teranse en conta o límite porcentual aprobado pola Xunta de Galicia no Parlamento o pasado 3 de agosto de 2021 que establece un crecemento do teito de gasto nun 6,00 % do PIB.

Débese ter tamén en conta o novo plan de financiamento do sistema universitario galego (PFSUG) para o período 2022-2026 e os fondos finalistas acadados pola universidade.

Con base a todo isto podemos establecer o seguinte cálculo para o límite máximo de gastos non financeiro que a universidade podería aprobar:

| | 2.021 | 2.022 |
|---|---|---|
| TOTAL GASTO | 184.640.912,00 € | 198.676.372,00 € |
| TOTAL AFECTADO | -33.834.740,00 € | -43.108.364,00 € |
| TOTAL CAPÍTULOS VIII E IX NON AFECTADOS | -140.000,00 € | -140.000,00 € |
| TOTAL NON AFECTADO NON FINANCEIRO | 150.666.172,00 € | 155.428.008,00 € |
| BASE CÁLCULO PARA TEITO GASTO | 149.868.975,00 € | 150.666.172,00 € |
| MARXE AUTORIZADA SOBRE EX. ANTERIOR | 14,90% | 6,00% |
| INCREMENTO AUTORIZADO | 22.330.477,28 € | 9.039.970,32 € |
| TOTAL TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO | 172.996.649,28 € | 164.467.978,32 € |

A proposta de orzamento para o exercicio 2022 queda é a seguinte:

| Resumo por capítulos do ingreso do ORZAMENTO 2022 | | | |
|---|---|---|---|
| Capítulo de Ingresos | Afectado | Non afectado | Importe total |
| 3 | 430.000,00 € | 16.703.000,00 € | 17.133.000,00 € |
| 4 | 16.937.648,00 € | 122.906.204,00 € | 139.843.852,00 € |
| 5 | - € | 230.000,00 € | 230.000,00 € |
| 6 | - € | 400.000,00 € | 400.000,00 € |
| 7 | 20.861.126,00 € | 7.403.000,00 € | 28.264.126,00 € |
| 8 | 4.879.590,00 € | 7.925.804,00 € | 12.805.394,00 € |
| TOTAL | 43.108.364,00 € | 155.568.008,00 € | 198.676.372,00 € |

| Resumo por capítulos do gasto do ORZAMENTO 2022 | | | |
|---|---|---|---|
| Capítulo | Afectado | Non afectado | Importe total |
| 1 | 9.048.035,00 € | 113.313.429,00 € | 122.361.464,00 € |
| 2 | 4.022.626,00 € | 27.343.479,00 € | 31.366.105,00 € |
| 3 | 67.450,00 € | 390.000,00 € | 457.450,00 € |
| 4 | 3.209.468,00 € | 4.016.556,00 € | 7.226.024,00 € |
| 5 | - € | 300.000,00 € | 300.000,00 € |
| 6 | 25.960.785,00 € | 10.064.544,00 € | 36.025.329,00 € |
| 7 | | - € | |
| 8 | - € | 140.000,00 € | 140.000,00 € |
| 9 | 800.000,00 € | - € | 800.000,00 € |
| TOTAL | 43.108.364,00 € | 155.568.008,00 € | 198.676.372,00 € |

En consecuencia, solicítase a aprobación do teito de gasto non financeiro para 2022 por importe de 164.467.978,32 € (cento sesenta e catro millóns catrocentos sesenta e sete mil novecentos setenta e oito euros con trinta e dous céntimos de euro) que tal como establece a normativa non poderá ser sobre pasado.

# III Orzamento de ingresos

De acordo coas previsións de ingresos e co escenario xa comentado no apartado anterior, e de acordo coa experiencia de anteriores exercicios na previsión dos ingresos da institución, estimamos para o exercicio 2022 un orzamento de ingresos por valor de 198.676.372 €.

Esta contía supón un incremento do +7,60 % en relación ao exercicio 2021; este incremento xustifícase na previsión de subida derivada da sinatura do novo plan de financiamento do SUG (PFSUG) e no incremento na captación de fondos por mor das novas convocatorias de fondos para a investigación e do fondo de Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

O gráfico 1 representa a evolución dos orzamentos na Universidade de Vigo desde 2013 ata a actualidade.




Gráfico 1. Evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2013-2022

A distribución do ingreso por capítulos e a comparación co exercicio precedente recóllese na táboa 7. Nesta estrutura de ingresos salientamos o considerable incremento das transferencias correntes (+7,83 %) debido ao incremento na previsión de fondos do Plan de financiamento do SUG que se vai a asinar para o período 2022-2026 e o maior éxito na captación de fondos alleos comentado anteriormente. Noutro sentido, a variación de activos financeiros (-16,46 %) vén derivada do menor desfasamento entre ingresos e gastos do financiamento afectado.

| CAPÍTULO | 2021 | 2022 | % 22/21 |
|---|---|---|---|
| III Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 16.884.500 | 17.133.000 | 1,47% |
| IV Transferencias correntes | 129.685.932 | 139.843.852 | 7,83% |
| V Ingresos patrimoniais | 233.000 | 230.000 | -1,29% |
| Ingresos correntes | 146.803.432 | 157.206.852 | 7,09% |
| VI Alleamento de investimentos reais | 400.000 | 400.000 | 0,00% |
| VII Transferencias de capital | 22.108.888 | 28.264.126 | 27,84% |
| VIII Variación de activos financeiros | 15.328.592 | 12.805.394 | -16,46% |
| IX Variación de pasivos financeiros | 0 | 0 | 0,00% |
| Ingresos de capital | 37.837.480 | 41.469.520 | 9,60% |
| TOTAIS | 184.640.912 | 198.676.372 | 7,60% |

Táboa 7. Comparación do orzamento de ingresos 2021/2022

No tocante á distribución por capítulos de ingreso, a distribución porcentual dos capítulos de ingreso verbo do total do orzamento preséntase no gráfico 2. No mencionado gráfico podemos apreciar como o capítulo 4 segue a ser o máis importante do total dos ingresos, pero o seu incremento resulta mínimo, en relación ao exercicio anterior; isto é debido a maior consecución de fondos finalistas que se rexistran no capítulo 7.




Gráfico 2. Agrupación do ingreso por capítulos

A evolución do peso porcentual no conxunto dos ingresos de cada capítulo e a comparación co exercicio precedente ofrécese na táboa 8.

| CAPÍTULO | 2021 | 2022 | EVOLUCIÓN |
|---|---|---|---|
| III Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 9,14% | 8,62% | ▼ |
| IV Transferencias correntes | 70,24% | 70,39% | ▲ |
| V Ingresos patrimoniais | 0,13% | 0,12% | ◄► |
| VI Alleamento de investimentos reais | 0,22% | 0,20% | ▼ |
| VII Transferencias de capital | 11,97% | 14,23% | ▲ |
| VIII Variación de activos financeiros | 8,30% | 6,45% | ▼ |

Táboa 8. Comparación da participación dos principais capítulos de ingreso nos orzamentos 2021 e 2022

O resultado final do orzamento de ingresos, como combinación dos ingresos correntes e de capital, acada unha contía de 198.676.372€, superior nun 7,60 % ao valor do exercicio anterior.

## III.1. Previsión orzamentaria de ingresos

A estimación dos ingresos para o exercicio 2022, que como en anos anteriores atende a criterios de prudencia valorativa e de achegamento á realidade, detállase na táboa 9:

| Estimación ingresos para o exercicio 2022 | | | |
|---|---|---|---|
| Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos | | | |
| 31 | | Prezos públicos | 15.685.000 € |
| | 310 | Dereitos de matrícula en cursos e seminarios | 105.000 € |
| | 311 | Cotas de instalacións deportivas e outros espazos | 180.000 € |
| | 313 | Dereitos de matrícula e servizos académicos | 14.950.000 € |
| | 319 | Outros prezos públicos | 450.000 € |
| 32 | | Outros ingresos procedentes de servizos | 1.045.000 € |
| | 327 | Servizos prestados por actividades investigadoras | 395.000 € |
| | 328 | Dereitos de custos indirectos | 650.000 € |
| 33 | | Venda de bens | 3.000 € |
| | 330 | Venda de publicacións propias | 3.000 € |
| 39 | | Outros ingresos | 400.000 € |
| | 399 | Ingresos diversos | 400.000 € |
| Total capítulo III | | | 17.133.000 € |
| Capítulo IV. Transferencias correntes | | | |
| 40 | | Da Administración do Estado | 4.750.903 € |
| | 400 | Do MEC | 2.810.903 € |
| | 400.21 | Fondo recuperación | 1.940.000 € |
| 41 | | De organismos autónomos administrativos | 2.341.558 € |
| | 410 | De organismos autónomos Administrativos | 2.341.558 € |
| 45 | | Da comunidade autónoma | 130.192.344 € |
| | 450 | Da Xunta | 130.192.344 € |
| | 450.0 | Financiamento estrutural | 82.591.471 € |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 0 | | |
| | 450.01 | Financiamento por resultados | 39.349.733 € |
| | 450.03 | Prazas vinculadas e persoal de investigación | 3.817.000 € |
| | 450.09 | Outras subvencións | 4.434.140 € |
| 46 | | De corporacións locais | 389.500 € |
| | 460 | De corporacións locais | 60.000€ |
| | 461 | De deputacións | 329.500 € |
| 47 | | De empresas privadas | 987.500 € |
| | 470 | De empresas privadas | 987.500 € |
| 48 | | De familias e institucións sen ánimo de lucro | 426.500 € |
| | 481 | De familias e institucións sen ánimo de lucro | 426.500 € |
| 49 | | Axudas do exterior | 755.547 € |
| | 492 | Outras transferencias da Unión Europea | 755.547 € |
| Total capítulo IV | | | 139.843.852 € |
| Capítulo V. Ingresos patrimoniais | | | |
| 54 | | Rendas de bens inmobles | 65.000 € |
| | 540 | Alugueiros de locais | 65.000 € |
| 55 | | Produtos de concesións administrativas | 165.000 € |
| | 550 | Produtos de concesións administrativas | 165.000 € |
| Total capítulo V | | | 230.000 € |
| Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais | | | |
| 61 | | Doutros investimentos reais | 400.000 € |
| | 619 | Venda doutros investimentos reais | 400.000 € |
| Total capítulo VI | | | 400.000 € |
| Capítulo VII. Transferencias de capital | | | |
| 70 | | Da Administración do Estado | 15.051.126 € |
| | 700 | De ministerios | 12.461.000 € |
| | 700.21 | Fondos Plan recuperación | 2.590.126 € |
| 75 | | Da comunidade autónoma | 6.710.000 € |
| | 750 | Da Xunta | 6.710.000 € |
| | 750.02 | Proxectos de investigación | 6.710.000 € |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 77 | | De empresas privadas | 6.500.000 € |
| | 771 | Contratos de investigación | 6.500.000 € |
| 78 | | Doutros | 3.000 € |
| | 783 | Outros organismos e outros | 3.000 € |
| Total capítulo VII | | | 28.264.126 € |
| Total operacións non financeiras | | | 185.810.978 € |
| Capítulo VIII. Variación de activos financeiros | | | |
| 83 | | Reintegros de préstamos concedidos fóra do sector publico | 120.000 € |
| | 831 | Reintegros de préstamos concedidos fóra do sector publico a longo prazo | 120.000 € |
| 87 | | Remanente de tesourería | 12.685.394 € |
| | 870 | Remanentes de tesourería | 12.685.394 € |
| Total capítulo VIII | | | 12.805.394 € |
| Total operacións financeiras | | | 12.805.394 € |
| TOTAL | | | 198.676.372 € |

Táboa 9. Estimación do orzamento de ingresos por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos

Os criterios empregados para facer esta estimación de ingresos foron os seguintes:

Capítulo III. Prezos públicos. Inclúe a estimación dos ingresos por dereitos de matrícula no curso académico 2022/2023, por titulacións oficiais e por cursos e seminarios, así como os ingresos derivados das escolas deportivas, cotas de acceso a instalacións, venda de publicacións e custos indirectos de actividades investigadoras. O seu importe total é de 17.133.000 €, o que implica un incremento das cifras sobre os ingresos consignados no orzamento de 2021 do 1,47 % pola nova situación derivada da pandemia do covid-19 que para o 2022 se espera que mellore.

A estimación dos diferentes conceptos de ingreso deste capítulo faise a partir das seguintes previsións:

Concepto 310: neste concepto figuran 105.000 € como estimación dos ingresos polos cursos da Escola Aberta de Formación permanente. Non se realizan estimación dos obradoiros de Extensión Universitaria.

Concepto 311: neste concepto figuran 180.000 € como estimación dos ingresos polas cotas de entrada ás instalacións, especialmente deportivas.

Concepto 313: neste concepto a previsión que se fai é de 14.950.000 €, o que supón manter as previsións do exercicio 2021. Trátase dunha previsión baseada nos datos de liquidación de taxas realizadas nos exercicios precedentes e na recadación acadada ata o momento no exercicio 2021 dada a situación pola pandemia.

Concepto 319: neste concepto incluímos a previsión dos ingresos do Centro de Linguas cuxa xestión está encargada á Fundación Universidade de Vigo.

Concepto 327: este concepto inclúe unha previsión dos ingresos estimados pola prestación de servizos asociados ás actividades investigadoras, e unha previsión de facturación do CACTI, Ecimat, Cinbio e CITI.

Concepto 328: o importe consignado neste concepto inclúe os custos indirectos da facturación por servizos asociados e actividades investigadoras e de transferencia. Para o exercicio 2022 increméntase o importe debido a que se espera unha maior facturación derivada de posibles axudas á investigación destinadas a empresas.

Concepto 330: neste concepto inclúense os importes correspondentes á venda de publicacións propias.

Concepto 399: neste concepto inclúense ingresos diversos estimados con base na execución do exercicio 2020 e anteriores.

Capítulo IV. Transferencias correntes. Neste capítulo compútanse todos os ingresos por subvencións correntes que a institución recibe, sobre todo da Xunta de Galicia e, en xeral, dos diversos entes que integran o sector público estatal (Administración Xeral do Estado, organismos autónomos, empresas públicas), ademais dos procedentes das corporacións locais e das empresas privadas.

Constitúen a fonte de ingresos máis importante do orzamento da Universidade de Vigo e o seu volume increméntase un +7,79 % (+10.097.920€). Isto débese basicamente a:

- A maior achega para o financiamento do incremento salarial do persoal funcionario e laboral aprobado nos orzamentos do Estado para o exercicio 2022 (2 %).

-O incremento da financiación derivada do novo Plan de financiamento do SUG.

-O incremento de axudas do Estado proveniente do fondo de recuperación. Transformación e resiliencia.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

Concepto 400: inclúe as diversas transferencias procedentes do ME para financiar os programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, FPU, FPI e outros de investigadores e investigadoras posdoutorais, así como os ingresos obtidos nas convocatorias para técnicos de I+D, técnicas e técnicos en infraestruturas, e as Bolsas Madariaga e Castillejo. Son, daquela, ingresos finalistas que teñen consignados os respectivos créditos na correspondente aplicación de gasto do capítulo I. Tamén se inclúen as aplicacións referidas ás axudas e programas de mobilidade de docentes, investigadores, persoal de administración e servizos e estudantes, caso das axudas relativas ao programa Erasmus, proporcionadas polo Estado. Como novidade créase o subconcepto 400.21 para reflectir as axudas recibidas da convocatoria de recualificación do persoal que se corresponden con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

No seu conxunto, estimamos para todas estas aplicacións un incremento do 69,04 % con respecto ao exercicio precedente, debido as novas axudas de recualificación do persoal.

Concepto 410: inclúe as diversas transferencias procedentes da UE para financiar convocatorias de mobilidade.

Concepto 450: inclúe as diversas transferencias correntes procedentes da Xunta de Galicia. No seu conxunto estimamos un incremento dun 6,34 % (7.767.231 €) grazas ao incremento de financiamento derivado do novo PFSUG e da anualidade do convenio asinado para fomentar a I+D+i. A distribución está realizada sobre unha previsión do PFSUG sen estar definida e asinada a data de redacción do presente documento.

Subconcepto 450.00: fondo estrutural. A dotación deste concepto no PFSUG para cada universidade realízase a partir de indicadores obxectivos. Inclúe ademais unha cantidade para a estimación da subida salarial e dos sexenios de transferencia.

Subconcepto 450.01: financiamento por resultados cunha previsión realizada a partir das negociacións do novo PFSUG.

Subconcepto 450.03: prazas vinculadas e persoal de investigación.

Subconcepto 450.09: outros ingresos derivados de convenios específicos asinados coa Xunta de Galicia (CESGA, I+D+i,...).

Conceptos 460 e 461: compútanse nestas epígrafes os ingresos por convenios coa Deputación de Pontevedra para financiar axudas a estudantes en estancias no estranxeiro, un convenio co Concello de Pontevedra para o financiamento de gastos relacionados co título de téxtil e moda, e un convenio coa Deputación de Ourense para financiar diversas actividades no campus de Ourense, por un total estimado de 220.000 €, contía similar á orzada para 2021.

Concepto 470: neste concepto compútanse como previsión de ingreso as transferencias procedentes de empresas privadas. Recolle fundamentalmente as achegas do Banco de Santander ao igual ca exercicios precedentes.

Concepto 492: neste concepto compútanse como previsión de ingreso as transferencias procedentes da Unión Europea para diferentes proxectos de cooperación educativa.

Capítulo V. Ingresos patrimoniais. Contén, as previsións de ingresos polos canons de explotacións nas concesións de cafetarías etc. Neste ano a previsión de ingresos por este concepto é de 230.000 €.

Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais. Neste capítulo está estimado o ingreso pola venda do inmoble situado en Madrid que a universidade recibiu en herdanza de dona Alicia Crespí e que non se puido levar cabo nos exercicios anteriores.

Capítulo VII. Transferencias de capital. A maior parte das previsións de ingresos consignados neste capítulo teñen a súa orixe nas achegas por proxectos en concorrencia nos programas do ME e da Xunta de Galicia, por achegas do Fondo de recuperación, transformación e resiliencia para adquisición de equipamento científico e por contratos con institucións e empresas. No seu conxunto agárdase un incremento do +27,84 % (+6.155.238,00 € ).

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

Concepto 700: neste concepto compútanse as previsións de posibles ingresos competitivos con orixe na Administración do Estado. Recóllense as estimacións dos ingresos polos proxectos obtidos en concorrencia polos grupos de investigación da Universidade de Vigo, así como os custos indirectos.

Subconcepto 700.21, recolle os ingresos para proxectos de infraestrutura recibidos con cargo o PRTR.

Concepto 750: neste concepto compútanse as previsións de posibles ingresos por todas as convocatorias competitivas ás que concorren os grupos de investigación da universidade.

Concepto 771: contratos de investigación. Neste concepto consígnanse os ingresos procedentes dos contratos de investigación (art. 83 da LOU) asinados polos grupos de investigación da Universidade de Vigo. O seu importe (6.500.000 €).

Concepto 783: outros organismos. Neste concepto inclúense ingresos previstos doutros organismos para financiar proxectos de investigación como, por exemplo, da AECC e do Instituto Carlos III para la Salud.

Capítulo VIII. Variación de activos financeiros. Neste capítulo inclúense os ingresos por reintegros de préstamos ao persoal e o «remanente de tesouraría» que inclúe as estimacións dunha parte do remanente do exercicio 2021, que se pode destinar a financiar determinados gastos do exercicio 2022. O montante global da dotación correspóndese cos remanentes de crédito non gastados na execución das actividades de proxectos europeos de cooperación educativa, así como o importe destinado aos gastos financeiros e a amortización de préstamos e anticipos reembolsables para infraestruturas de investigación.

Todos estes importes de ingresos teñen a súa correspondencia no estado de gastos do orzamento 2022 da Universidade de Vigo, que se desenvolve a continuación.

# IV. Orzamento de gastos

O conxunto dos créditos do orzamento de gasto por operacións correntes e de capital consignados por capítulos para o exercicio 2022 preséntanse na táboa 10.

| CAPÍTULO | 2021 | 2022 | % 22/21 |
|---|---|---|---|
| I Persoal | 116.833.700 | 122.361.464 | 4,73% |
| II Gastos correntes | 30.712.733 | 31.366.105 | 2,13% |
| III Gastos financeiros | 789.450 | 457.450 | -42,05% |
| IV Transferencias correntes | 6.407.864 | 7.226.024 | 12,77% |
| V Fondos de continxencias | 300.000 | 300.000 | 0,00% |
| Operacións correntes | 155.043.747 | 161.711.043 | 4,30% |
| VI Investimentos reais | 28.307.165 | 36.025.329 | 27,27% |
| VIII Activos financeiros | 140.000 | 140.000 | 0,00% |
| IX Pasivos financeiros | 1.150.000 | 800.000 | -30,43% |
| Operacións de capital | 29.597.165 | 36.965.329 | 24,89% |
| TOTAIS | 184.640.912 | 198.676.372 | 7,60% |

Táboa 10. Orzamento de gastos

No capítulo I, de gastos de persoal, continuamos a ter a principal partida de gasto, cun 61,59 % do total do orzamento cun importe de 122.361.464 €. Esta cantidade é superior á orzada en 2021, que foi de 116.833.700 €. A xustificación deste incremento está no incremento salarial do 2 % previsto nos orzamentos do Estado para o exercicio 2022, os sexenios de transferencia e as ofertas de emprego público 2021 e 2022.

O capítulo II, de gasto corrente en bens e servizo, ten unha previsión de 31.366.105€, experimenta un incremento do +2,13 % o que mostra unha contención dos gastos correntes xa que o crecemento é inferior ao IPC actual.

O capítulo III, de gasto financeiro, inclúe os créditos para atender os gastos financeiros asociados aos gastos de

avais para licitacións publicas ao amparo do art. 83 LOU, os intereses de demora consecuencia de reintegros de subvencións non executadas e os asumidos en operacións internacionais fóra da UE, así como as comisións de mantemento das contas correntes en entidades bancarias.

O capítulo IV, de transferencias correntes, presenta unha subida do +12,77 %, que acada un valor de 7.226.024 €. A explicación está no incremento de axudas do ministerio para os proxectos de relacións internacionais (Erasmus, Marmooc, Leap..., axudas para dotacións bibliográficas e bolsas de mobilidade internacional). Polo que se refire aos recursos propios, o esforzo da universidade mantense nas cifras dos exercicios anteriores.

O capítulo VI, de investimentos reais, acada unha contía de 36.025.329€, cun grande incremento do +27,27% verbo de 2021, que representa o 18,13 % sobre o total do orzamento de gasto. O incremento explícase polo grande incremento de fondos alleos para a investigación provenientes do Fondo de recuperación, transformación e resiliencia.




Gráfico 3. Composición do gasto por capítulos

O gráfico 3 recolle a distribución do gasto por capítulos verbo do total do gasto. Pódese apreciar como o gasto de persoal continúa a ser o de maior participación no total, cun 61,59 %.

Pola súa parte, a táboa 11 presenta a evolución da participación dos capítulos de gasto sobre o total.

| CAPÍTULO | 2021 | 2022 | EVOLUCIÓN |
|---|---|---|---|
| I Persoal | 63,28% | 61,59% | ▼ |
| II Gastos correntes | 16,63% | 15,79% | ▼ |
| III Gastos financeiros | 0,43% | 0,23% | ▼ |
| IV Transferencias correntes | 3,47% | 3,64% | ▲ |
| V Fondos de continxencias | 0,16% | 0,15% | ◀▶ |
| VI Investimentos reais | 15,33% | 18,13% | ▲ |
| VIII Activos financeiros | 0,08% | 0,07% | ◀▶ |
| IX Pasivos financeiros | 0,62% | 0,40% | ▼ |

Táboa 11. Participación dos principais capítulos de gasto no orzamento

Se realizamos unha comparativa entre a evolución dos ingresos e a dos gastos nos orzamentos dos últimos anos, obtemos a táboa 12.

| CAPÍTULO | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ingresos correntes | 128.088.848 | 126.915.500 | 127.955.000 | 133.463.024 | 135.253.069 | 137.554.333 | 144.990.411 | 147.249.791 | 146.803.432 | 157.206.852 |
| Operacións correntes | 127.080.349 | 124.279.518 | 127.107.245 | 130.006.085 | 133.011.533 | 137.628.702 | 145.086.015 | 151.872.713 | 155.043.747 | 161.711.043 |
| Saldo corrente | 1.008.499 | 2.635.982 | 847.755 | 3.456.939 | 2.241.536 | -74.369 | -95.604 | -4.622.922 | -8.240.315 | -4.504.191 |
| Ingresos de capital | 35.127.504 | 32.739.619 | 37.248.557 | 27.123.500 | 30.072.419 | 34.997.755 | 37.544.678 | 47.746.046 | 37.837.480 | 41.469.520 |
| Operacións de capital | 36.136.003 | 35.375.601 | 38.096.312 | 30.580.439 | 32.313.955 | 34.923.386 | 37.449.074 | 43.123.124 | 29.597.165 | 36.965.329 |
| Saldo de capital | -1.008.499 | -2.635.982 | -847.755 | -3.456.939 | -2.241.536 | 74.369 | 95.604 | 4.622.922 | 8.240.315 | 4.504.191 |

Táboa 12. Saldo corrente e saldo de capital dos orzamentos presentados

Evidentemente, o saldo corrente, que para a Universidade de Vigo ten signo positivo desde 2014, ten que corresponderse co saldo equivalente con signo negativo no saldo de capital. O cambio de signo negativo dende 2018, débese a inclusión no capítulo 2 de gastos que anteriormente se incluían no capítulo 6, como pode ser a produción científica e o paso ao capítulo 7 de ingresos dos custos indirectos de proxectos de investigación e o convenio coa Xunta de Galicia para as actividades de I + D + i.

Máis en detalle, se comparamos graficamente a evolución de ingreso e de gasto corrente, obtemos o gráfico 4.




Gráfico 4. Ingresos correntes *vs*. gastos correntes de orzamentos presentados (2013-2022)

En conclusión, a Universidade de Vigo presenta un orzamento superior ao 2021 debido ao grande incremento das axudas derivadas do novo Plan de recuperación, Transformación e Resiliencia e ao incremento da financiación do PFSUG 2022-2026. O conxunto do gasto mantén criterios de evolución racionais, marcado pola xestión eficiente dos recursos ordinarios, garantindo a capacidade de funcionamento para o noso nivel de gasto, e potenciando o gasto no capítulo de persoal asociado ás novas políticas e garantindo a suba salarial.

## *IV.1. Clasificacións do orzamento de gastos*

Os créditos do orzamento de gasto organízanse atendendo a tres clasificacións: a económica, a funcional ou por programas e a clasificación orgánica.

No referido á estrutura funcional mantense a clasificación establecida nos anteriores orzamentos segundo se recolle na táboa 13.

Cada programa funcional desenvólvese, cando é preciso, mediante subprogramas, atendendo ao que precisa cada centro de gasto.

| | |
|---|---|
| 111L | Docencia |
| 121D | Apoio ao alumnado e á docencia |
| 131H | Fomento e desenvolvemento da investigación |
| 141B | Dotación de fondos bibliográficos |
| 211E | Extensión universitaria |
| 311V | Dotación e mantemento de infraestruturas |
| 421S | Goberno e administración da universidade |

Táboa 13. Estrutura funcional e por programas do orzamento de gastos

É necesario sinalar que os fondos recibidos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia deben estar debidamente identificados, tanto na dotación dos créditos iniciais, como na súa execución. Para cumprir con esta obriga a Universidade de Vigo identifica os subprogramas de gasto nos que se van a executar estes fondos cos díxitos MRR engadidos as clasificacións funcionais.

A evolución cuantitativa dos programas entre o exercicio 2022 e 2021 apréciase na táboa 14.

| Programas | 2021 | 2022 | Var. % |
|---|---|---|---|
| 111L. Docencia | 3.683.541 € | 3.847.768 € | 4,46% |
| 121D. Apoio ao alumnado e á docencia | 6.408.744 € | 6.951.536 € | 8,47% |
| 131H. Fomento e desenvolvemento da investigación | 29.102.120 € | 34.627.864 € | 18,99% |
| 141B. Dotación de fondos bibliográficos | 2.652.600 € | 2.109.100 € | -20,49% |
| 211E. Extensión Universitaria | 1.181.967 € | 1.182.202 € | 0,02% |
| 311V. Dotación e mantemento de infraestruturas | 14.647.560 € | 18.177.504 € | 24,10% |
| 421S. Goberno e administración da universidade | 126.964.380 € | 131.780.398 € | 3,79% |
| Total de gastos | 184.640.912,00 € | 198.676.372,00 € | 7,60% |

Táboa 14. Orzamento de gastos por programas

Os cambios máis significativos son:

121D. Apoio ao alumnado e á docencia, que presenta un incremento das axudas europeas para a mobilidade internacional.

131H. Fomento e desenvolvemento da investigación, que presenta un incremento de fondos por unha maior estimación de proxectos para o exercicio 2022.

141B. Dotación de fondos bibliográficos que descende debido a que as Universidades xa non se fan cargo da aportación a Bugalicia, non porque se minore a dotación para adquisición de fondos.

311V. Dotación e mantemento de infraestruturas, que presenta un grande incremento, por mor do xa comentado, que no exercicio 2022 haberá máis fondos para a adquisición de equipamento científico e axudas á investigación.

O resto de clasificacións funcionais presentan unha reestruturación orzamentaria, posto que a política deste equipo de goberno está orientado aos recursos humanos, polo que neste exercicio 2022 realízase unha proposta de orzamento que prima o capítulo 1 de gastos e que está orzado na clasificación funcional 421S.

A estrutura orgánica non sofre cambios en relación ao exercicio 2021.

Táboa 15. Estrutura da clasificación orgánica do orzamento de gastos

| CÓDIGO. DENOMINACIÓN | |
|---|---|
| 0000 | Reitoría - Xerencia |
| 00CA | Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión |
| 00CS | Consello Social |
| 00EP | Vicerreitoría de Planificación |
| 00PG | Escola Oficial de Doutorament |
| 00RS | Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación |
| 00VU | Valedoría Universitaria |
| 00VI | Vicerreitoría de Investigación e Transferencia |
| 00VT | Contratos amparados no artigo 83 da LOU |
| 00FP | Escola Aberta de Formación Permanente |
| BUV1 | Biblioteca |
| CAT1 | CACTI |

CIB1 Cinbio-Centro de Investigacións Biomédicas

CITI CITI-Centro de Investigación

EMT1 Estación de Ciencias Mariñas de Toralla

MTI1 MTI-Módulo Tecnolóxico Industrial

OPI1 Oficina de Proxectos Internacionais

ORI1 Oficina de Relacións Internacionais

OUR1 Vicerreitoría do Campus de Ourense-Campus da Auga

PON1 Vicerreitoría do Campus de Pontevedra-Campus Crea S2i

XXXX Departamentos

00XX Centros

Mantemos o criterio do ano anterior no referido ás clasificacións orgánicas, 00VI e a 00VT para diferenciar a nivel de xestión as actividades contratadas con empresas amparadas no artigo 83 da LOU (clasificación orgánica 00VT) e as demais actividades de investigación.

A clasificación económica dos créditos para gastar determina á súa natureza, e clasifica os créditos en capítulos, artigos, conceptos e subconceptos, se for o

1. Gastos de persoal
2. Gastos correntes en bens e servizos
3. Gastos financeiros
4. Transferencias correntes
5. Fondo de continxencia
6. Investimentos reais
7. Activos financeiros
8. Pasivos financeiros

Táboa 16. Estrutura económica do orzamento de gastos

Atendendo á clasificación funcional e por programas, pasamos a describir os obxectivos e os principais contidos dos distintos programas, así como o importe dos créditos correspondentes segundo a clasificación económica e a clasificación orgánica.

## IV.2. 111L - Docencia

A dotación do programa de docencia acada un total de 3.847.768€, o que supón un incremento dun 4,46 %. O motivo deste incremento está no aumento da dotación dos créditos para mestrados e dun maior importe dos fondos para funcionamento dos centros que poderá ser distribuído aos centros.

Este importe no seu conxunto inclúe as seguintes accións:

a) Os importes destinados ao sostemento dos centros, por valor de 2.615.466 €. Este ano consígnase unha dotación na clasificación orgánica 0000 111LL00 como dotación de 75.000 € para cumprir cos compromisos docentes financiados no Convenio para o desenvolvemento de Accións Estratéxicas de I+D+I asinado coa Xunta de Galicia.

b) Os importes correspondentes aos programas oficiais de posgrao, cunha contía total de 1.076.222 €. Este incremento vén asociado ao aumento dos cursos de posgrao que se van impartir no curso 2022/2023.

c) A dotación das delegacións de estudantes, dun importe de 31.100 € e que, por mor dos requisitos da contabilidade analítica, se individualizan a nivel de clasificación orgánica no orzamento.

A repartición detallada dos importes asociados aos centros, aos programas oficiais de posgrao e ás delegacións de alumnado amósanse no anexo II.

**Orgánica: XXXX - Funcional: 111L**

| Art. | Cto. | Subcto | Denominacion do gasto | Subcto. | Cto. | Art. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos | | | |
| **20** | | | **Arrendamentos e canon** | | | **78.000,00** |
| | 202 | | De edificios e outras construccions | | 4.800,00 | |
| | 205 | | Arrendamentos de mobiliario e equipamento | | 21.200,00 | |
2. A Xerencia autorizará as ampliacións de crédito ata un máximo de cincocentos mil euros e para importes superiores o órgano competente será o Consello de Goberno. O expediente de ampliación de créditos deberá establecer a fonte de financiamento da citada ampliación, distinguindo se este se financiará con reducións noutros créditos, con maiores recursos que se vaian obter ou con remanente non afectado de tesouraría. A Xerencia daralles conta periodicamente das modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

3. O cumprimento do establecido nos apartados anteriores está condicionado a que non se incremente o teito de gasto aprobado para o exercicio de 2022.

Artigo 11. Transferencias de crédito

1. Consisten no traspaso da totalidade ou de parte dos créditos dun concepto orzamentario a outro do orzamento de gastos, isto é, na minoración dun ou de varios conceptos en favor doutro ou doutros que aumentan globalmente na mesma contía. A proposta de diminución dun crédito dos que teñen financiamento xenérico ten que garantir que, no crédito minorado, quede consignación suficiente para atender aos gastos previstos ata o final do exercicio.

2. As transferencias de crédito deben realizarse desde o mesmo concepto/subconcepto da aplicación orzamentaria no que se consignou o orzamento.

3. As transferencias de crédito estarán suxeitas ás seguintes limitacións xerais:

- Non poderán minorarse créditos que fosen incrementados mediante transferencia.
- Non poderán afectar a créditos incorporados como consecuencia de remanentes de exercicios anteriores.
- Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración.
- Non poderán afectar a créditos con financiamento específico, agás autorización, que haberá de acreditarse no expediente do ente financiador.
- Non poderán minorarse créditos ampliables.

- Non poden afectar a créditos con distinta vixencia anual, agás as dotacións orzamentarias dos «programas soporte a xestión económica dos grupos de investigación.

3. Correspóndelles aprobar as transferencias de crédito aos seguintes órganos:

a) Ao Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, as transferencias de gastos de capital a gastos correntes, calquera que sexa o programa ao que afecten, cando o importe sexa superior a 10.000,00 €.

b) Ao Consello de Goberno:

- As transferencias de crédito entre conceptos de diferentes programas, agás as mencionadas no apartado a), cando o importe sexa superior a 10.000,00 €.
- As transferencias dende o fondo de continxencia, cando o importe da operación sexa superior a cen mil euros, con independencia dos programas e dos capítulos afectados.
- As transferencias dende os capítulos de gastos de capital a gastos correntes cando o importe da operación sexa igual ou menor a 10.000,00 €.

c) A Xerencia, por delegación do Consello de Goberno:

- As transferencias entre créditos das diversas aplicacións orzamentarias do capítulo 2 do orzamento de gastos a aplicacións deste ou diferente capítulo correspondentes ao mesmo programa, con independencia do seu importe.
- As transferencias dende o fondo de continxencia, cando o importe da operación non sexa superior a cen mil euros, con independencia dos programas e dos capítulos afectados.
- As transferencias entre créditos do capítulo 2 do orzamento de gastos de distintos programas de gasto cando o importe da operación sexa igual ou inferior a 10.000,00 €.

Artigo 12. Reasignación, desagregación e redistribución de créditos

1. As dotacións de crédito que sexan realizadas desde os centros xestores de programas de gasto ás diferentes clasificacións orgánicas para a xestión descentralizada destes, sempre que non modifiquen nin a clasificación funcional nin a clasificación económica, consideraranse reasignacións de crédito e non transferencias de crédito.

Se o que se modifica, por ampliación de concepto a subconcepto, é exclusivamente a clasificación económica estaremos diante dunha desagregación de crédito.

A redistribución supón o traspaso da totalidade do crédito dunha aplicación a outra ou outras con distinta clasificación orgánica, pero a mesma clasificación funcional e económica.

2. As reasignacións, desagregacións ou redistribucións de crédito serán ordenadas polo xerente/a, por proposta do vicerreitor/a correspondente en función da materia de que se trate, quen deberá achegarlles aos administradores/as, directores/as e xefes/as de servizo (ou asimilados) afectados unha copia dos acordos.

Artigo 13. Imputación de obrigas

1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento, só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións, ou gastos en xeral, realizados dentro do ano natural do propio exercicio orzamentario.

2. Non obstante, aplicaranse os créditos do orzamento vixente no momento da expedición das ordes de pagamento ás obrigas seguintes:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao orzamento da universidade.

- As derivadas de compromisos de gasto debidamente recoñecidos en exercicios anteriores, entre elas as indemnizacións por razóns de servizo xeradas no último cuadrimestre do ano anterior.

- As que resulten de gastos realizados en exercicios anteriores e se validen na forma regulamentariamente establecida.

- As que resulten de gastos executados no exercicio anterior e que por mor da orde de peche de orzamento do exercicio anterior non se puidesen consignar na fase de compromiso.

3. A Reitoría é o órgano competente para validar os gastos, que deberán ter o informe previo do Servizo de Control Interno. Para validar os gastos será necesario que, por parte dos órganos que teñen a competencia para autorizar gasto, se elabore o oportuno expediente. Neste figurará necesariamente a causa de non-cumprimento da normativa e a aplicación á que correspondería imputar o gasto.

4. No referido aos gastos de carácter plurianual e os de tramitación anticipada estarase ao seguinte:

a) Para executar gastos con cargo aos créditos de exercicios futuros é necesaria a comprobación previa do cumprimento dos límites establecidos na normativa orzamentaria. Para iso é preciso acompañar o

expediente á constatación da citada circunstancia, que pode ser o documento contable RC debidamente contabilizado.

b) No caso de que fose necesario, tras a xustificación do órgano propoñente, o reitor poderá aprobar a modificación dos límites aos que se refire o apartado anterior, tras o informe do órgano competente de que a modificación cumpre o plan de estabilidade orzamentaria aprobado pola Xunta de Galicia para a universidade.

c) No caso de que a actuación se refira a un proxecto de investigación ou a un contrato programa, será necesario incorporar no expediente a certificación expresa da existencia do compromiso de financiamento. Se nalgún exercicio non existise crédito axeitado, o reitor poderá determinar a aplicación orzamentaria que soportará o gasto, no caso de que este deba realizarse.

Artigo 14. Remanentes de crédito

1. O remanente de tesouraría é un recurso orzamentario obtido, con carácter xeral, pola acumulación de resultados orzamentarios positivos dos anteriores exercicios. O remanente de tesouraría obtense pola suma dos fondos líquidos, máis os dereitos pendentes de cobro, menos as obrigas pendentes de pagamento.

Para a incorporación ao exercicio orzamentario seguinte dos remanentes de tesouraría, estarase ao que establezan as normas de sustentabilidade orzamentaria, tanto da administración autonómica coma da administración central.

Sempre dentro do establecido nas normas ás que se refire o parágrafo anterior, o remanente de tesouraría debe aplicarse, en primeiro lugar, á dotación dos créditos necesarios para devolver os anticipos reintegrables que financian as diferentes infraestruturas de investigación, así como para atender a obrigas extraordinarias de carácter legal. En segundo lugar, para financiar proxectos de investigación e demais actuacións con financiamento externo cunha duración que se estenda alén do exercicio económico de que se trate, pola parte do crédito dotado e non executado no exercicio.

Unha vez executadas as actuacións referidas anteriormente, e sempre que queden importes pendentes de aplicación, incorporaranse os créditos que acadasen a fase D, antes do 31 de decembro, na execución das aplicacións orzamentarias do exercicio precedente.

2. Os remanentes incorporados ao exercicio e que non se executen o 31 de decembro consideraranse de libre disposición para o exercicio seguinte.

3. Todas as operacións anteriores enténdense sempre supeditadas a que non se exceda o teito de gasto establecido para o exercicio de 2022.

4. Son órganos competentes para aprobar a incorporación do remanente do exercicio anterior:

    - O reitor para incorporar remanente de libre disposición sempre que o importe da operación non exceda de 100.000,00 € e que a contía total de todas as operacións non supere o importe consignado para «erros ou omisións».

    - A xerenta para incorporar remanentes comprometidos, con independencia do importe de cada unha das operacións. No expediente de incorporación de remanente debe constar o xustificante do importe comprometido para cada operación.

    - O Consello Social para todas as operacións que non estean incluídas nos apartados anteriores.

O reitor e a xerenta informarán o Consello Social das operacións enumeradas no punto 4.

## TÍTULO II. DOS GASTOS DE PERSOAL

Artigo 16. Custos de persoal

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da universidade quedan suxeitas ao que nesta materia dispón a Lei de orzamentos xerais do Estado e a Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia.

2. Poderanse abrir aplicacións orzamentarias específicas no capítulo I para gastos de persoal contratado para prestar servizos con base en convenios ou programas con financiamento externo.

Estes gastos, coas súas cotas sociais, non poderán superar os importes dos convenios ou programas ou ben das previsións de ingresos. Así mesmo, poderanse ampliar as dotacións orzamentarias dos conceptos referidos, cando ao longo do exercicio se produza a incorporación de novo persoal co financiamento correspondente; sempre que non se contradiga co establecido nestas normas nin nas que se establezan con carácter xeral pola comunidade autónoma de Galicia ou pola Administración central.

3. Con cargo aos créditos dos programas 111L e 131H xestionados en centros e en departamentos, respectivamente, non se poden realizar contratacións de persoal.

4. A dotación orzamentaria do capítulo I inclúe unha previsión de 50.000 € para atender ao mandato contido no artigo 80.3 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

## TÍTULO III. SUBVENCIÓNS

Artigo 17. Achegas a fundacións

1. Quedan autorizadas para o exercicio de 2022 as seguintes achegas directas a fundacións:

| ENTIDADE | IMPORTE |
|---|---|
| Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal | 5.000,00 € |
| Fundación para a Promoción da Automoción en Galicia-CTAG | 12.100,00 € |
| Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética (Energylab) | 2.500,00 € |
| Fundación Museo do Pobo Galego | 700,00 € |
| Fundación Universidade de Vigo-Fuvi | 110.000,00 € |

2. Subvencións nominativas

Quedan autorizadas para o exercicio de 2022 as seguintes subvencións nominativas:

| | | | |
|---|---|---|---|
| Vigo Rugby Club G36680924 | - Participación nas competicións federadas de rugby durante a temporada 2021/2022 | VIGO | 3.500 € |
| Campus Ourense Rugby Club G32320996 | - Participación nas competicións federadas de rugby durante a temporada 2021/2022 | OURENSE | 7.000 € |
| Escola Xadrez Pontevedra G94022498 | - Participación nas competicións federadas do xadrez durante a temporada 2022 | VIGO + PONTEVEDRA | 6.000 € |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Asociación Xadrez Ourense Univ. | G32314213 | - Participación nas competicións federadas do xadrez durante a temporada 2022 -Organización do Torneo Internacional de Xadrez Campus de Ourense | OURENSE | 6.000 € |
| Club Deportivo Aurum | G32424327 | - Desenvolvemento do Ourense Thermal Meeting 2022 | OURENSE | 1.400 € |
| Club Natación Escualos | G27470855 | - Desenvolvemento da VI Travesía a Nado Encoro Os Peares 2022 | OURENSE | 1.080 € |
| Observatorio de Egresados da UVigo | 44447365A | Apoio ao Observatorio de Egresados | VIGO+OURENSE+PONTEVEDRA | 25.000€ |
| | | - Participación nas | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| EDO (Escuela Deportiva Ourense) | G32313132 | competicións federadas de baloncesto de idades en formación durante a temporada 2021/2022 | OURENSE | 1.400 € |

3. Dentro dos límites do crédito (establecidos a nivel de vinculación xurídica) orzamentado na aplicación 0000 421S 484, a comisión delegada de planificación e asuntos económicos do Consello de Goberno poderá autorizar outras achegas a fundacións agás aquelas que, segundo o previsto no artigo 84 da Lei orgánica de universidades 6/2001, do 21 decembro, deba aprobar o Consello Social.

## TÍTULO IV. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

### Artigo 18. Informes e autorizacións previas á contratación administrativa

1. Sen prexuízo da documentación e trámites que estableza a vixente lei de contratos do sector público, cumprirá un informe previo e vinculante do director do Departamento Técnico de Obras, Instalacións e Infraestruturas nos casos en que as actuacións afecten a edificios da universidade e as súas instalacións xerais de acordo coas instrucións xerenciais emitidas para o efecto.

2. Os contratos administrativos de servizos, cando supoñan o uso por parte do contratista ou do seu persoal de inmobles, instalacións ou equipamento da universidade para prestar os servizos, requirirán a autorización previa da Xerencia.

3. Sen prexuízo da documentación e dos trámites que estableza a vixente Lei de contratos do sector público, cumprirá un informe previo e non vinculante da Vicerreitoría de Comunicación ou da persoa que esta designe nos pedidos realizados con cargo á partida de publicidade (clasificación económica 226.02). Este informe debe emitirse e achegarse ao pedido nun prazo non superior a tres días hábiles. No caso de non emitirse en prazo poderá continuarse coa solicitude do pedimento. Este informe poderá substituírse polo visto e prace da Vicerreitoría de Economía.

### Artigo 19. Medidas de racionalización da técnica da contratación

1. O reitor, por proposta da Xerencia, poderá declarar a uniformidade na adquisición de determinados bens e servizos, co obxecto de realizar compras conxuntas para toda a universidade ou racionalizar e

ordenar a adxudicación de contratos mediante a conclusión de acordos marco, a articulación de sistemas dinámicos de contratación ou a asunción da contratación por servizos especializados.

2. A Xerencia queda autorizada para reter, autorizar e dispoñer dos créditos correspondentes para contratar bens e servizos de forma conxunta para toda a universidade tras a declaración prevista no apartado anterior. Así mesmo, poderá reter, autorizar, dispoñer e obrigar os créditos correspondentes nas contratacións centralizadas de obras, subministracións e servizos.

Artigo 20. Outras normas en relación coa tramitación de expedientes

1. Na proposta de contratación de obras, bens e servizos con cargo a créditos con financiamento específico será obrigatorio indicar a fonte de financiamento e o prazo de xustificación do gasto.

2. Despois do 30 de setembro de cada exercicio non se poderán iniciar expedientes de contratación mediante un procedemento aberto ou restrinxido con cargo a créditos do exercicio corrente. Para o procedemento negociado a citada data será o 31 de outubro.

A data límite será un mes antes para os contratos de regulación harmonizada mencionados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Con cargo a proxectos de investigación, unicamente se poderán iniciar expedientes de contratación cando o período entre a data de inicio do expediente e a data de finalización do proxecto sexa superior a dous meses. En todo caso, a tramitación só será posible se computado o tempo de tramitación e de execución do contrato a xustificación de gastos é posible.

3. Excepcionalmente, tras a debida xustificación do propoñente, o órgano de contratación poderá autorizar o inicio de expedientes despois das devanditas datas.

Artigo 21. As actas de recepción

1. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de obras deberán lexitimarse coas sinaturas do contratista, dos facultativos encargados da dirección da obra, do facultativo

designado polo reitor, do/a responsable do contrato, do xerente/a e, no caso de que o importe de adxudicación sexa igual ou superior a 50.000 € (IVE excluído), dun/unha representante do Servizo de Control Interno.

2. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de subministracións ou servizos deberán lexitimarse coas sinaturas do contratista, das persoas autorizadas en razón da súa competencia nos créditos dos centros de gasto, do xerente/a e do/a responsable do proxecto de investigación ao que corresponde o expediente. No caso de que o importe de adxudicación sexa igual ou superior a 50.000

€ (IVE excluído), dun/unha representante do Servizo de Control Interno. Nos servizos centralizados, ou cando así o estime oportuno a Xerencia, figurará o/a responsable ao que se destine o obxecto do contrato e o técnico/a designado.

3. Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as subministracións de bens e os servizos que respondan a necesidades permanentes e que supoñan entregas ou prestacións repetitivas. Estes serán recibidos mediante un documento xustificativo da entrega por parte do/a responsable da unidade ao que se destine o obxecto do contrato e as persoas autorizadas en razón da súa competencia nos créditos do centro de gasto.

4. Trimestralmente informarase o Consello de Goberno e o Consello Social das recepcións efectuadas que superen os 450.759,08 € en obras e 300.506,05 € en subministracións e en servizos.

## TÍTULO V. DA XESTIÓN DO INVENTARIO E DO PATRIMONIO

Artigo 22. Dos bens mobles inventariables

Serán inventariables como regra xeral os bens non funxibles que reúnan conxuntamente os requisito indicados a continuación:

a) Que se lle calcule unha vida útil superior ao ano e non se consuma co uso.

b) Que teñan un custo unitario superior a 400 €, tendo en conta o valor de imputación da adquisición ao orzamento da universidade.

Exceptuarase do anterior o mobiliario (cadeiras, mesas, armarios ou outro mobiliario semellante) que se ten que inventariar en todos os casos con independencia do seu valor.

Tamén incorporaranse ao inventario os bens que, aínda que non fosen adquiridos pola universidade, sexan doados. Nestes casos a valoración do material virá dado, con carácter xeral,

por unha certificación expedida pola persoa ou pola entidade doadora do ben, quen pode substituír esta certificación pola achega da factura de compra se a tivese.

Artigo 23. Alleamento de bens patrimoniais da universidade

O alleamento de bens producirase mediante unha poxa, tras a instrución do expediente polo Servizo de Xestión Económica e Contratación, en que necesariamente se incluirá a súa taxación pericial. Estarase ao disposto no Regulamento de patrimonio da Universidade de Vigo.

Artigo 24. Actualización do valor contable patrimonial

Autorízase o xerente/a a ditar as normas necesarias para actualizar o 31 de decembro, da anualidade que corresponda, do valor contable do inventario da universidade.

## TÍTULO VI. DA MEMORIA ANUAL

Artigo 25. Elaboración da memoria

1. Os decanos/as, directores/as de escola, directores/as de departamento e os coordinadores/as de programas oficiais de posgrao e títulos propios co apoio dos administradores/as de centro, ámbito ou campus, elaborarán unha memoria económica anual no prazo de tres meses contados a partir do peche do exercicio económico. Esta mesma obriga aplícaselles aos vicerreitores/as e á Xerencia, así como aos/ás responsables dos restantes programas de actuación.

2. Estas memorias formarán parte como anexo da memoria económica anual da universidade, que elaborará no seu caso a Vicerreitoría de Economía e a Xerencia baixo a dirección do reitor.

3. As memorias conterán como mínimo unha explicación da execución do orzamento e das súas modificacións, así como unha descrición das accións realizadas. A Vicerreitoría de Economía e a Xerencia elaborarán unha instrución conxunta para determinar o seu contido e formato.

## TÍTULO VII. ESPECIFICIDADES DA XESTIÓN DOS GASTOS

Capítulo I. Facultades e escolas técnicas e universitarias Artigo 26. Créditos para centros

Os créditos do programa 111L «Docencia» inclúen:

- As dotacións básicas para soster as facultades e as escolas técnicas e universitarias que figuran no anexo II, excluíndo as subministracións de electricidade, auga, gas natural ou similar e gasóleo.

- As dotacións para desenvolver as titulacións oficiais de posgrao e títulos propios desenvolvidos por subprogramas dentro de cada centro e que figuran no anexo II.

- As dotacións para as delegacións de alumnado que figuran no anexo II.

- As dotacións por calidade docente no seu caso.

Capítulo II. Departamentos

Artigo 27. Créditos para departamentos

Os créditos do programa de departamentos inclúen as dotacións básicas para soster os departamentos que figuran no anexo II.

Artigo 28. Desprazamentos dos e das docentes

A aplicación 2022 0000 421S 230 terá no exercicio de 2022 unha dotación de 30.000,00 € para financiar as axudas de custo dos desprazamentos entre os campus en función da docencia de cada cuadrimestre. Os pagamentos efectuaranse consonte as liquidacións elaboradas seguindo as instrucións da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

Artigo 29. Produción científica e de transferencia

Neste exercicio distribuiranse 685.000,00 € euros incluídos na aplicación 2022 00VI 131H 226.99. A distribución deste importe realizarase seguindo as indicacións da Vicerreitoría de Investigación.

Estes créditos incrementarán os créditos orzamentados para cada departamento ou, tras o acordo dos consellos de departamento, as dotacións dos programas de soporte á xestión económica dos grupos de investigación.

Capítulo III. Outras especificidades

Artigo 30. Laboratorios docentes

Na aplicación 2022 00EP 311V 626 inclúense 800.000,00 €, que se distribuirán seguindo as

indicacións da Vicerreitoría de Planificación e se destinarán para financiar a dotación de laboratorios docentes. Estes créditos incrementarán as dotacións orzamentarias para cada facultade ou escola.

Artigo 31. Gastos de viaxe, aloxamento e manutención do persoal de administración e servizos.

A Xerencia autorizará as actividades do persoal de administración e servizos que impliquen gastos de viaxe, aloxamento e manutención.

Artigo 32. Delegación de alumnado

Os créditos asignados ás delegacións de alumnado presentados no anexo II terán como primeiro obxectivo atender aos gastos derivados das súas actividades propias e dos/as representantes do estudantado nos órganos de goberno da universidade.

Para que estas dotacións poidan financiar gastos de carácter inventariable, cumprirá que por parte do decano/a ou director/a e do administrador/a do centro se certifique a necesidade do investimento e se lle solicite á Xerencia a correspondente modificación de crédito.

Artigo 33. Normas de asignación do gasto centralizado de telefonía

Consígnase un importe de 140.000,00 € para atender aos gastos de telefonía dentro da aplicación 2022 0000 421S 222, incluídos os consumos básicos dos departamentos. Para estes efectos, os importes límite asignados son os seguintes:

-90 €/ano por profesor/a a tempo completo

-30 €/ano por profesor/a a tempo parcial

-150 €/ano pola sede do departamento

Estas asignacións realizaranse asimilando á primeira categoría os contratados polos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e Parga Pondal, e segundo os datos dispoñibles no primeiro día lectivo do exercicio orzamentario.

Artigo 34. Asignación en edificios compartidos

Dada a situación de compartir espazos por diferentes centros e titulacións, asígnase a xestión de edificios e de instalacións, agás os gastos de subministracións (electricidade, auga, gas natural e asimilados e gasóleo), que se centralizan nos servizos xerais de cada campus, do seguinte xeito:

a) Dentro do campus de Vigo, os créditos das facultades de Química, Bioloxía e Ciencias do Mar asígnanse aos centros en función dos metros cadrados de ocupación de cada facultade ou por acordo entre os decanos/as e a administradora de ámbito, centro de traballo de Ciencias de Vigo e os do edificio de Fundición ao centro de traballo da Escola de Enxeñaría Industrial.

b) Dentro do campus de Ourense, os créditos do Edificio Xurídico-Empresarial, os do Edificio de Facultades e dos pavillóns 1 e 2, os do Edificio Politécnico e os do pavillón de ciencias repartiranse pola ocupación real aproximada de cada facultade e por acordo entre os decanos/as e a administradora de ámbito.

Artigo 35. Bolsas

1. As vicerreitorías de Economía, de Planificación, de Estudantes, de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, de Investigación e Transferencia, do Campus de Ourense e do Campus de Pontevedra e os comisionados poderán convocar, dentro dos seus respectivos ámbitos de competencia, bolsas específicas de programas ou de extensión universitaria e investigación.

No exercicio 2022 impútanse, con cargo aos conceptos do capítulo 4 do orzamento de gastos do programa 121D asociado á clasificación orgánica 0000, todos os gastos derivados das convocatorias de bolsas de informática, de mobilidade, de integración..., para facilitar a xestión a través do servizo correspondente. Dentro desta clasificación orgánica tamén se inclúen as convocatorias feitas polos vicerreitores/as.

Para que as devanditas vicerreitorías poidan incluír nas súas convocatorias de bolsas as solicitudes de bolseiros/as que fagan os centros ou os departamentos, cómpre que previamente estea dotada a aplicación orzamentaria correspondente ao capítulo IV deses centros de gasto.

As persoas beneficiarias serán alumnos ou alumnas das diferentes titulacións ou persoas acabadas de titular da Universidade de Vigo.

## TÍTULO VIII. DO CONTROL INTERNO

Artigo 36. Do control interno

1. O límite mínimo para o exercicio da fiscalización previa do gasto é de 15.000 € máis IVE, e quedan excluídos os expedientes de gastos por unha contía inferior.

2. A fiscalización previa dos dereitos substitúese pola inherente á toma de razón en contabilidade e estableceranse as actuacións comprobatorias posteriores que se determinen de conformidade co sinalado no punto seguinte.

3. O reitor, por proposta da Xerencia, aprobará un plan de control interno para o exercicio de 2022, elaborado e desenvolvido polo Servizo de Control Interno, o cal atenderá ás seguintes premisas:

- Definir e implantar un plan anual de control financeiro permanente, de tal forma que permita levar a cabo a revisión das actuacións non suxeitas á fiscalización previa, próxima no tempo para mellorar a xestión e que esta sexa áxil, eficaz e eficiente.

- Detectar a existencia de irregularidades, deficiencias e áreas de mellora que, manifestadas mediante as oportunas propostas e recomendacións, incidan nos procedementos de actuación das unidades xestoras, contribúan a evitar a súa reiteración e promovan a súa mellora.

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1.ª Apróbanse as tarifas de servizos contidas no anexo III.

2.ª Autorízase o reitor, tras aprobar os plans de investimentos polos órganos competentes, a realizar os trámites oportunos para concertar unha operación de empréstito dentro dos límites da normativa vixente.

3.ª Autorízase a Vicerreitoría de Economía a ditar as resolucións necesarias para modificar ou establecer novas normas de desenvolvemento do orzamento de 2022.

Así mesmo, a Xerencia poderá ditar as instrucións e as ordes de servizo necesarias para executar e cumprir estas disposicións e especificamente, dada a relevancia das actuacións, para adoptar as medidas precisas cara á:

a) Mellora continua na implantación do modelo de contabilidade analítica.

b) Implantación do novo modelo de xestión económico-patrimonial, en especial para mellorar a xestión do patrimonio da universidade.

c) Implantación da sistemática para xestionar as subministracións da universidade.

d) Implantación e mellora de novos procedementos electrónicos na xestión económica e, en xeral, para impulsar a administración electrónica e para a posta en funcionamento de novos procedementos e ferramentas informáticas.

## DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

1.ª O reitor poderá reordenar as competencias propias que nas normas de desenvolvemento do presente orzamento figuran delegadas.

2.ª As presentes normas entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2022.

3.ª Debido á complexidade na elaboración do presente texto, autorízase a Xerencia a modificar e a publicar os erros que se detecten na apertura do exercicio orzamentario sempre que non se modifiquen as contías máximas do orzamento, a nivel global, de clasificación orgánica e funcional

# *ANEXO I. GASTOS DE PERSOAL 2022*

**PDI FUNCIONARIO**

| CATEGORÍA | DEDICACIÓN | GRUPO | NIVEL | EFECTIVOS | SOLDO | P. EXTRA | C. DESTINO | C. ESPECÍFICO | IPC GALEGO | TOTAL RETRIB. POSTO | TOTAL POR EFECTIVOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDAD | TC | A1 | 29 | 216 | 14.864 € | 3.470 € | 11.646 € | 15.319 € | 171 € | 45.470 € | 9.821.458 € |
| CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDAD | P6 | A1 | 29 | 1 | 6.439 € | 2.451 € | 10.733 € | 0 € | 74 € | 19.698 € | 19.698 € |
| PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDAD | TC | A1 | 27 | 527 | 14.864 € | 3.306 € | 10.666 € | 7.147 € | 136 € | 36.120 € | 19.047.034 € |
| PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDAD | P5 | A2 | 27 | 1 | 5.366 € | 1.562 € | 6.062 € | 0 € | 49 € | 13.039 € | 13.039 € |
| PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDAD | P3 | A1 | 27 | 1 | 3.220 € | 937 € | 3.637 € | 0 € | 29 € | 7.824 € | 7.824 € |
| CATEDRATICO/A DE ESCUELA UNIVER. | TC | A1 | 27 | 10 | 14.864 € | 3.306 € | 10.666 € | 7.147 € | 136 € | 36.120 € | 361.198 € |
| CATEDRATICO/A DE ESCUELA UNIVER. | P3 | A1 | 27 | 1 | 3.220 € | 937 € | 3.637 € | 0 € | 29 € | 7.824 € | 7.824 € |
| PROFESOR/A TITULAR DE ESCUELA UNIVER. | TC | A1 | 26 | 31 | 14.864 € | 3.088 € | 9.358 € | 4.412 € | 120 € | 31.843 € | 987.126 € |
| PLAZA VINCULADA - P. TITULAR DE UNIV. | TC | A1 | 27 | 1 | 14.864 € | 3.734 € | 13.232 € | 11.762 € | 165 € | 43.756 € | 43.756 € |
| **TOTAL** | | | | **789** | | | | | | | **30.308.956 €** |

**PDI LABORAL**

| CATEGORÍA | DEDICACIÓN | GRUPO | NIVEL | EFECTIVOS | SOLDO | P. EXTRA | C. DESTINO | C. ESPECÍFICO | IPC GALEGO | TOTAL RETRIB. POSTO | TOTAL POR EFECTIVOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PROFESOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A | TC | | 1 | 163 | 14.864,13 € | 3.306,45 € | 10.666,30 € | 7.146,71 € | 136,16 € | 36.119,76 € | 5.875.240,61 € |
| PROFESOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A INTERINO | TC | | 1 | 51 | 14.864,13 € | 3.306,45 € | 10.666,30 € | 7.146,71 € | 136,16 € | 36.119,76 € | 1.842.107,90 € |
| PROFESOR/A TITULAR DE ESCUELA UNIVER. | TC | | 1 | 4 | 14.864,13 € | 3.088,40 € | 9.357,97 € | 4.412,23 € | 120,04 € | 31.842,77 € | 127.371,09 € |
| LECTOR/A DE IDIOMA ESTRANXEIRO | TC | | 1 | 4 | 14.864,16 € | 3.088,24 € | 9.357,35 € | 4.412,23 € | 120,04 € | 31.842,01 € | 127.368,06 € |
| PROFESOR/A AXUDANTE DOUTOR/A | TC | | 1 | 91 | 14.624,94 € | 4.226,47 € | 10.735,01 € | 0,00 € | 111,95 € | 29.698,37 € | 2.692.751,10 € |
| PROFESOR/A EMERITO/A | TC | | 1 | 6 | 195.359,21 € | 32.559,87 € | 0,00 € | 0,00 € | 862,45 € | 228.781,53 € | 228.781,53 € |
| AXUDANTE | TC | | 1 | 1 | 12.896,31 € | 3.246,88 € | 6.585,00 € | 0,00 € | 86,00 € | 22.814,19 € | 22.814,19 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/AT3 | P6 | | 1 | 108 | 5.423,08 € | 1.760,00 € | 5.136,93 € | 0,00 € | 46,62 € | 12.366,62 € | 1.335.595,38 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/AT3 | P5 | | 1 | 13 | 4.519,17 € | 1.466,66 € | 4.280,81 € | 0,00 € | 38,85 € | 10.305,50 € | 128.818,70 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/AT3 | P4 | | 1 | 37 | 3.615,63 € | 1.173,45 € | 3.425,07 € | 0,00 € | 31,08 € | 8.245,24 € | 305.073,71 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/AT3 | P3 | | 1 | 31 | 2.711,85 € | 880,09 € | 2.568,71 € | 0,00 € | 23,31 € | 6.183,96 € | 191.702,85 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/AT3 (SEN EXTRA)/MUFACE | P6 | | 1 | 33 | 5.423,08 € | 0,00 € | 5.136,93 € | 0,00 € | 39,96 € | 10.599,96 € | 349.798,79 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/AT3 (SEN EXTRA)/MUFACE | P5 | | 1 | 29 | 4.519,17 € | 0,00 € | 4.280,81 € | 0,00 € | 33,30 € | 8.833,28 € | 256.165,18 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/AT3 (SEN EXTRA)/MUFACE | P4 | | 1 | 22 | 3.615,63 € | 0,00 € | 3.425,07 € | 0,00 € | 26,64 € | 7.067,34 € | 155.481,58 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/AT3 (SEN EXTRA)/MUFACE | P3 | | 1 | 25 | 2.711,85 € | 0,00 € | 2.568,71 € | 0,00 € | 19,98 € | 5.300,54 € | 132.513,49 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/AT1 CC. DE LA SALUD | P3 | | 1 | 6 | 2.169,31 € | 569,49 € | 1.247,61 € | 0,00 € | 15,08 € | 4.001,49 € | 24.008,94 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/A T1 CC. DE LA SALUD (SEN EXTRA) | P3 | | 1 | 24 | 2.169,31 € | 0,00 € | 1.247,61 € | 0,00 € | 12,93 € | 3.429,85 € | 82.316,36 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/AT3 CC. DE LA SALUD-BIOMEDICA (SEN E | P3 | | 2 | 11 | 2.711,85 € | 0,00 € | 2.568,71 € | 0,00 € | 19,98 € | 5.300,54 € | 55.655,67 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/AT3 MUFACE/R.GENERAL | P5 | | 1 | 1 | 4.519,17 € | 0,00 € | 4.280,81 € | 0,00 € | 33,30 € | 8.833,28 € | 8.833,28 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/AT3 MUFACE/R.GENERAL | P4 | | 1 | 1 | 3.615,63 € | 0,00 € | 3.425,12 € | 0,00 € | 26,64 € | 7.067,39 € | 7.067,39 € |
| PROFESOR/A ASOCIADO/AT3 MUFACE/R.GENERAL | P3 | | 1 | 2 | 2.711,85 € | 0,00 € | 2.568,71 € | 0,00 € | 19,98 € | 5.300,54 € | 10.601,08 € |
| PROFESOR/A CONTRATADO/A INTERINO/A | P6 | | 1 | 62 | 5.423,08 € | 1.760,00 € | 5.136,93 € | 0,00 € | 46,62 € | 12.366,62 € | 766.730,68 € |
| PROFESOR/A CONTRATADO/A INTERINO/A (SEN EXTRAS) | P6 | | 1 | 1 | 5.423,08 € | 0,00 € | 5.136,93 € | 0,00 € | 39,96 € | 10.599,96 € | 10.599,96 € |
| PROFESOR/A CONTRATADO/A INTERINO/A | P5 | | 1 | 15 | 4.519,17 € | 1.466,66 € | 4.280,81 € | 0,00 € | 38,85 € | 10.305,50 € | 154.582,44 € |
| PROFESOR/A CONTRATADO/A INTERINO/A | P4 | | 1 | 16 | 3.615,63 € | 1.173,45 € | 3.425,07 € | 0,00 € | 31,08 € | 8.245,24 € | 131.923,77 € |
| PROFESOR/A CONTRATADO/A INTERINO/A | P3 | | 1 | 13 | 2.711,85 € | 880,09 € | 2.568,71 € | 0,00 € | 23,31 € | 6.183,96 € | 77.299,53 € |
| **TOTAL** | | | | **768** | | | | | | | **15.101.203 €** |

| COMPLEMENTOS DE NATUREZA PERSOAL | PDI FUNCIONARIO | PDI LABORAL |
|---|---|---|
| C. ESPECÍFICO. DESEMPEÑO DE CARGOS ACADÉMICOS | 902.554 € | 341.067 € |
| C. ESPECÍFICO. MÉRITOS DOCENTES | 7.077.302 € | 1.479.724 € |
| C. PRODUTIVIDADE POLA ACTIVIDADE INVESTIGADORA | 3.563.019 € | 617.726 € |
| M. AUTONÓMICOS. LABOR DOCENTE | 769.196 € | 199.461 € |
| M. AUTONÓMICOS. LABOR INVESTIGADORA | 665.611 € | 176.669 € |
| M. AUTONÓMICOS. CARGO DE XESTIÓN | 335.459 € | 32.807 € |
| M. AUTONÓMICOS. EXCELENCIA CURRICULAR | 1.856.265 € | 277.188 € |
| C. SERGAS | 28.943 € | 0 € |
| TRIENIOS | 4.231.700 € | 1.085.156 € |
| IPC GALEGO | 73.523,30 € | 15.929,87 € |
| **TOTAL** | **19.503.571 €** | **4.225.727 €** |

**PERSOAL INVESTIGADOR**

| GRUPO/CATEGORÍA | EFECTIVOS | CUSTO SALARIAL |
|---|---|---|
| Pesonal Investigador Conv MEC | 78 | 2.097.421 € |
| Personal Investigador Conv. XUNTA | 138 | 2.848.240 € |
| PROG.RETEN TALENTO INV. | 27 | 880.000 € |
| PERSOAL TÉCNICO | 9 | 144.910 € |
| PERSOAL TÉCNICO | 1 | 18.797 € |
| PERSONAL TECNICO OPI | 5 | 19.454 € |
| **TOTAL** | **258** | **6.008.822 €** |

GASTOS DE PERSOAL 2022

RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL DE ADMININISTRACIÓNS E SERVIZOS

PAS FUNCIONARIO

| NIVEL | GRUPO | EFECTIVOS | SOLDO | P. EXTRA | C. DESTINO | C. ESPECÍFICO | C. PRODUTIVID. | IPC GALEGO | TOTAL RETRIB. POSTO | TOTAL POR EFECTIVOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **NIVEL 28** | | **19** | | | | | | | | |
| | A1 | 1 | 14.864 € | 3.388 € | 11.157 € | 33.095 € | 2.689 € | 247 € | 65.440 € | 65.440 € |
| | A2 | 8 | 14.864 € | 3.388 € | 11.157 € | 20.668 € | 2.689 € | 200 € | 52.965 € | 423.723 € |
| | A2 | 10 | 12.853 € | 3.422 € | 11.157 € | 20.668 € | 2.689 € | 192 € | 50.980 € | 509.800 € |
| **NIVEL 26** | | **5** | | | | | | | | |
| | A1 | 3 | 14.864 € | 3.088 € | 9.358 € | 15.515 € | 2.435 € | 171 € | 45.431 € | 136.293 € |
| | A2 | 2 | 12.853 € | 3.122 € | 9.358 € | 15.515 € | 2.435 € | 164 € | 43.446 € | 86.891 € |
| **NIVEL 25** | | **31** | | | | | | | | |
| | A1 | 7 | 14.864 € | 2.912 € | 8.303 € | 14.718 € | 2.435 € | 164 € | 43.395 € | 347.161 € |
| | A2 | 18 | 12.853 € | 2.946 € | 8.303 € | 14.718 € | 2.435 € | 156 € | 41.410 € | 703.965 € |
| | C1 | 6 | 9.650 € | 2.774 € | 8.303 € | 14.718 € | 2.435 € | 143 € | 38.022 € | 228.134 € |
| **NIVEL 24** | | **2** | | | | | | | | |
| | A2 | 1 | 12.853 € | 2.864 € | 7.813 € | 13.152 € | 2.241 € | 147 € | 39.070 € | 39.070 € |
| | C1 | 1 | 9.650 € | 2.692 € | 7.813 € | 13.152 € | 2.241 € | 135 € | 35.683 € | 35.683 € |
| **NIVEL 23** | | **8** | | | | | | | | |
| | A1 | 4 | 14.864 € | 2.749 € | 7.324 € | 11.899 € | 2.241 € | 148 € | 39.225 € | 156.900 € |
| | A2 | 4 | 12.853 € | 2.783 € | 7.324 € | 11.899 € | 2.241 € | 140 € | 37.240 € | 148.958 € |
| **NIVEL 22** | | **61** | | | | | | | | |
| | A2 | 9 | 12.853 € | 2.701 € | 6.833 € | 10.803 € | 2.241 € | 134 € | 35.565 € | 320.088 € |
| | C1 | 52 | 9.650 € | 2.529 € | 6.833 € | 10.803 € | 2.241 € | 121 € | 32.178 € | 1.673.254 € |
| **NIVEL 21** | | **21** | | | | | | | | |
| | A2 | 18 | 12.853 € | 2.620 € | 6.344 € | 8.816 € | 2.126 € | 124 € | 32.883 € | 591.895 € |
| | C1 | 3 | 9.650 € | 2.448 € | 6.344 € | 8.816 € | 2.126 € | 111 € | 29.496 € | 88.487 € |
| **NIVEL 20** | | **137** | | | | | | | | |
| | A2 | 15 | 12.853 € | 2.545 € | 5.893 € | 7.927 € | 2.126 € | 119 € | 31.462 € | 471.925 € |
| | C1 | 121 | 9.650 € | 2.372 € | 5.893 € | 7.927 € | 2.126 € | 106 € | 28.074 € | 3.396.997 € |
| | C2 | 1 | 8.032 € | 2.309 € | 5.893 € | 7.927 € | 2.126 € | 99 € | 26.386 € | 26.386 € |
| **NIVEL 18** | | **60** | | | | | | | | |
| | C1 | 36 | 9.650 € | 2.272 € | 5.292 € | 7.201 € | 2.126 € | 100 € | 26.641 € | 959.079 € |
| | C2 | 24 | 8.032 € | 2.208 € | 5.292 € | 7.201 € | 2.126 € | 94 € | 24.952 € | 598.858 € |
| **NIVEL 16** | | **86** | | | | | | | | |
| | C1 | 16 | 9.650 € | 2.172 € | 4.690 € | 6.987 € | 2.062 € | 97 € | 25.658 € | 641.459 € |
| | C2 | 70 | 8.032 € | 2.108 € | 4.690 € | 6.987 € | 2.062 € | 90 € | 23.970 € | 1.629.937 € |
| **TOTAL** | | **430** | | | | | | | | **13.280.383 €** |

| PAS LABORAL | | |
|---|---|---|
| GRUPO | EFECTIVOS | TOTAL POR EFECTIVOS |
| GRUPO 1 | 80 | 3.400.859 € |
| GRUPO II | 58 | 1.934.270 € |
| GRUPO III | 133 | 3.794.966 € |
| GRUPO IV | 135 | 3.291.365 € |
| TOTAL | 406 | 12.421.460 € |

| COMPLEMENTOS DE NATUREZA PERSOAL | | |
|---|---|---|
| | PAS FUNCIONARIO | PAS LABORAL |
| DESEMPEÑO DE CARGOS ACADÉMICOS | 33.859 € | - € |
| TRIENIOS | 1.056.661 € | 1.489.804 € |
| C. ANTIGUIDADE | 630.204 € | - € |
| CPT | 2.525 € | - 3.094 € |
| IPC GALEGO | 6.521 € | 5.626 € |
| TOTAL | 1.729.770 € | 1.492.336 € |

ALTOS CARGOS

| DENOMINACIÓN | EFECTIVOS | SOLDO | TOTAL POR EFECTIVOS |
|---|---|---|---|
| XERENTE | 1 | 89.347 € | 89.347 € |
| SECRETARIO CONSELLO SOCIAL | 1 | 46.907 € | 46.907 € |
| DIRECTOR/A DE ADMINISTRACION | 1 | 66.928 € | 66.928 € |
| TOTAL | 3 | | 203.183 € |

PERSOAL EVENTUAL

| DENOMINACIÓN | EFECTIVOS | SOLDO | TOTAL POR EFECTIVOS |
|---|---|---|---|
| ASESOR EN PLANIFICACIÓN URBANISTICA E XESTIÓN DE IN | 1 | 65.690 € | 65.690 € |
| XORNALISTA XEFA DO GABINETE DE PRENSA | 1 | 38.319 € | 38.319 € |
| VICEXERENTE | 2 | 67.011 € | 134.021 € |
| TOTAL | 6 | | 238.031 € |

| COMPLEMENTOS DE NATUREZA PERSOAL | | |
|---|---|---|
| | ALTOS CARGOS | PERSOAL EVENTUAL |
| TRIENIOS | 8.871 € | 7.733 € |
| IPC GALEGO | 34 € | 29 € |
| TOTAL | 8.905 € | 7.763 € |

| 2022 | |
|---|---|
| **OUTROS GASTOS DE PERSOAL** | |
| **TIPO DE GASTO** | **CUSTO** |
| Produtividade e gratificacións | 1.034.115 € |
| Acción social | 680.000 € |
| Plano de Pensións | 235.000 € |
| Gastos de formación PAS | 195.000 € |
| Cotas dos seguros sociais | 14.300.866 € |
| **TOTAL** | **16.444.981 €** |

| GASTOS DE PERSOAL 2022 | |
|---|---|
| **RESUMO DO ORZAMENTO** | |
| **ARTIGO** | **CRÉDITO 2020** |
| 10 - Altos cargos | 212.088 € |
| 11 - Eventual | 245.793 € |
| 12 - Funcionarios | 63.818.565 € |
| 13 - Laborais | 13.883.795 € |
| 14 - Outro persoal | 25.335.752 € |
| 15 - Incentivos ao rendemento | 1.034.115 € |
| 16 - Cotas, prestacións e gastos sociais | 15.410.866 € |
| **TOTAL** | **119.940.974 €** |

Nota: neste anexo, para manter a coherencia coa información achegada en anteriores exercicios, non se incorporan os importes referidos ao programa 121D, orgánicas OPII1 e 00CA.

# ANEXO II

| ORZAMENTO DELEGACIÓNS DE ALUMNOS 2022 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ORGÁNICA | CENTRO | 220 | 226.99 | TOTAL |
| AL01 | EU DE ESTUDOS EMPRESARIAIS | 500 | | 500 |
| AL03 | FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR | 500 | 500 | 1.000 |
| AL04 | FACULTADE DE CIENCIAS ECONOMICAS E EMPRESARIAIS | 500 | 500 | 1.000 |
| AL05 | FACULTADE DE FILOLOXIA E TRADUCION | 250 | 250 | 500 |
| AL06 | ESCOLA DE ENXEÑERIA INDUSTRIAL | 2.500 | 1.000 | 3.500 |
| AL07 | ESCOLA DE ENXEÑARIA DE TELECOMUNICACION | 500 | 2.500 | 3.000 |
| AL08 | ETS DE ENXEÑARIA DE MINAS | 800 | 2.000 | 2.800 |
| AL09 | FACULTADE DE BIOLOXIA | 500 | 500 | 1.000 |
| AL10 | FACULTADE DE QUIMICA | 300 | 500 | 800 |
| AL11 | FACULTADE DE BELAS ARTES | 100 | 900 | 1.000 |
| AL12 | FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACION E DO DEPORTE | 200 | 2.800 | 3.000 |
| AL13 | ESCOLA DE ENXEÑARIA FORESTAL | | 500 | 500 |
| AL14 | FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN | | 1.500 | 1.500 |
| AL15 | FACULTADE DE DEREITO | | 1.500 | 1.500 |
| AL16 | FACULTADE DE HISTORIA | | 1.000 | 1.000 |
| AL17 | FACULTADE DE CIENCIAS | | 1.000 | 1.000 |
| AL18 | FACULTADE DE CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO | | 0 | 0 |
| AL19 | FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACION | | 3.000 | 3.000 |
| AL21 | ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARIA INFORMATICA | | 1.500 | 1.500 |
| AL22 | ESCOLA ENXEÑARIA AEROESPACIAL E AERONAUTICA | | 1000 | 1000 |
| AL30 | FACULTADE DE FISIOTERAPIA | | 1.000 | 1.000 |
| AL40 | FACULTADE DE CIENCIAS XURIDICAS E DO TRABALLO | 500 | 500 | 1.000 |
| | **TOTAL** | **7.150** | **23.950** | **31.100** |

## Orzamento do exercicio 2022

146

### ORZAMENTO CENTROS 2022

| | CENTRO | 202 | 205 | 209 | 212 | 213 | 214 | 215 | 220 | 221.01 | 221.02 | 222 | 223 | 226.01 | 226.02 | 226.06 | 226.09 | 226.99 | 227.99 | 230 | 233 | II | 482.11 | 482.99 | IV | 625 | VI | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 0001 | EU DE ESTUDOS EMPRESARIAIS | | | | 14.331 | 10.000 | | 4.000 | 13.300 | 10.000 | 3.500 | 1.000 | 1.500 | 5.000 | | 2.537 | 133 | | 700 | 1.500 | | **67.501** | | | **0** | 8.000 | **8.000** | **75.501** |
| 0003 | FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR | 3.800 | | | | 14.000 | | 3.000 | 3.000 | 3.000 | 40.000 | 1.000 | 12.000 | 2.500 | 2.000 | | | 4.926 | | 2.500 | | **91.726** | | | **0** | 3.000 | **3.000** | **94.726** |
| 0004 | FACULTADE DE CIENCIAS ECONOMICAS E EMPRESARIAIS | | | | 83.729 | 24.000 | | | 13.500 | 6.000 | 4.000 | 500 | 2.000 | 7.000 | 3.000 | 3.500 | | | 12.000 | 2.000 | 1.000 | **162.229** | | | **0** | 14.000 | **14.000** | **176.229** |
| 0005 | FACULTADE DE FILOLOXIA E TRADUCION | | | | 56.500 | 10.069 | | | 8.000 | 7.000 | 3.500 | 600 | 1.000 | 5.000 | 2.950 | 9.100 | | | 8.711 | 1.000 | 500 | **113.930** | | 600 | **600** | 5.000 | **5.000** | **119.530** |
| 0006 | ESCOLA DE ENXEÑERIA INDUSTRIAL | | 5.000 | 35.000 | 80.500 | 51.000 | | 30.000 | 28.426 | 15.000 | 39.000 | 4.750 | 8.365 | 6.796 | 5.000 | 2.780 | | 28.967 | 7.250 | | 3.000 | **350.834** | | | **0** | 47.400 | **47.400** | **398.234** |
| 0007 | ESCOLA DE ENXEÑARIA DE TELECOMUNICACION | | 3.000 | 3.000 | 33.700 | 27.800 | | 2.700 | 5.954 | 2.000 | 24.629 | 2.700 | 2.500 | 3.119 | 3.000 | | | 14.016 | 1.371 | | 3.244 | **132.733** | 14.000 | | **14.000** | 13.389 | **13.389** | **160.122** |
| 0008 | ETS DE ENXEÑARIA DE MINAS | | 500 | 4.000 | 11.700 | 17.247 | | 2.700 | 8.000 | 3.000 | 20.299 | | 5.000 | 3.000 | 2.422 | | | 7.051 | 2.400 | | 3.785 | **91.104** | | | **0** | 2.246 | **2.246** | **93.350** |
| 0009 | FACULTADE DE BIOLOXIA | | 3.700 | | | 22.000 | | 4.000 | 6.500 | 4.000 | 46.500 | 1.000 | 8.500 | 3.500 | 2.000 | | 13.698 | | | 2.000 | | **117.398** | | | **0** | 6.000 | **6.000** | **123.398** |
| 0010 | FACULTADE DE QUIMICA | | 3.700 | | | 15.000 | | 3.000 | 3.000 | 3.000 | 39.669 | 1.000 | 2.000 | 3.000 | 1.000 | | 600 | 1.000 | | 2.000 | | **77.969** | | | **0** | 3.000 | **3.000** | **80.969** |
| 0011 | FACULTADE DE BELAS ARTES | | 1.250 | | 9.000 | 26.000 | | 1.000 | 2.500 | 4.000 | 25.720 | 2.500 | 5.500 | 1.000 | 1.500 | | 3.000 | | 9.000 | 3.000 | 1.600 | **96.570** | | | **0** | 12.000 | **12.000** | **108.570** |
| 0012 | FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACION E DO DEPORTE | | | | 12.000 | 15.000 | 1.500 | 2.000 | 4.000 | 6.316 | 27.000 | 3.000 | 4.000 | 500 | | 3.500 | 1.500 | 3.000 | 7.000 | 2.000 | 2.000 | **94.316** | | | **0** | 60.000 | **60.000** | **154.316** |
| 0013 | ESCOLA DE ENXEÑARIA FORESTAL | | 1.250 | | 7.500 | 11.500 | | 1.500 | 1.000 | 2.087 | 6.250 | 500 | 7.250 | 1.000 | 1.000 | 2.500 | 500 | | 1.500 | 2.000 | | **47.337** | | | **0** | 10.000 | **10.000** | **57.337** |
| 0014 | FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN | | 1.400 | | 13.000 | 22.000 | | 500 | 1.654 | 3.500 | 4.000 | 1.000 | 2.000 | 2.000 | 2.500 | 1.000 | 500 | 4.000 | 3.000 | 3.000 | | **65.054** | | | **0** | 45.000 | **45.000** | **110.054** |
| 0015 | FACULTADE DE DEREITO | | | | 2.500 | 20.000 | | 3.500 | 10.000 | 2.000 | 4.000 | 500 | 1.000 | 3.000 | 1.500 | 4.000 | 300 | 3.000 | 3.400 | 2.000 | 9.300 | **70.000** | | | **0** | 13.597 | **13.597** | **83.597** |
| 0016 | FACULTADE DE HISTORIA | | | | 2.000 | 15.000 | | | 500 | 2.000 | 7.000 | 324 | 7.000 | 2.500 | 1.736 | 2.300 | | 1.500 | 12.000 | 2.600 | 3.000 | **59.460** | | | **0** | 9.000 | **9.000** | **68.460** |
| 0017 | FACULTADE DE CIENCIAS | | | | 5.000 | 15.000 | | | 7.000 | 4.000 | 29.701 | 4.000 | 7.304 | 1.200 | 1.200 | 600 | | 100 | 100 | 1.000 | 750 | **76.955** | | | **0** | 12.000 | **12.000** | **88.955** |
| 0018 | FACULTADE DE CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO | | | | 2.500 | 20.000 | | | 10.539 | 2.500 | 7.000 | 1.000 | 2.000 | 5.000 | 1.800 | 1.000 | | | 2.500 | 3.000 | | **58.839** | | 4.000 | **4.000** | 37.355 | **37.355** | **100.194** |
| 0019 | FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACION | 1.000 | | | 3.000 | 25.000 | | 6.500 | 5.000 | 15.027 | 26.200 | 3.000 | 7.000 | 5.000 | 4.200 | | | 4.000 | 16.000 | 6.000 | | **126.927** | | | **0** | 40.000 | **40.000** | **166.927** |
| 0021 | ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARIA INFORMATICA | | | | 5.000 | 24.000 | | 1.441 | 8.721 | 8.000 | 8.888 | 499 | 499 | 3.333 | | 3.383 | 500 | 7.777 | 11.111 | 3.460 | 303 | **86.915** | 10.369 | | **10.369** | 20.111 | **20.111** | **117.395** |
| 0022 | ESCOLA DE ENXEÑARIA AERONAUTICA E AEROESPACIAL | | | 10.000 | 1.000 | 10.000 | | 100 | | 4.500 | 17.424 | 500 | 1.000 | 1.500 | 500 | 100 | 1.000 | 2.000 | 14.000 | 1.500 | 200 | **65.324** | | | **0** | 2.500 | **2.500** | **67.824** |
| 0030 | FACULTADE DE FISIOTERAPIA | | 1.400 | | 13.000 | 10.000 | | 2.000 | 2.990 | 2.000 | 6.000 | 400 | | 1.500 | | | 150 | 1.000 | 3.000 | 1.500 | | **44.940** | | | **0** | 15.000 | **15.000** | **59.940** |
| 0040 | FACULTADE DE CIENCIAS XURIDICAS E DO TRABALLO | | | | 29.000 | 20.000 | | | 14.500 | 4.000 | 4.000 | 600 | 1.000 | 7.000 | 2.500 | 10.000 | 750 | | 1.468 | 2.000 | 8.000 | **104.818** | | | **0** | 5.000 | **5.000** | **109.818** |
| | **TOTAL** | **4.800** | **21.200** | **52.000** | **384.960** | **424.616** | **1.500** | **67.941** | **158.084** | **112.930** | **394.280** | **30.373** | **88.418** | **73.448** | **39.808** | **46.300** | **22.631** | **82.337** | **116.511** | **44.060** | **36.682** | **2.202.879** | **24.369** | **4.600** | **28.969** | **383.598** | **383.598** | **2.615.446** |

147

| ORGÁNICA | FUNCIONAL | MASTERS | 213 | 220 | 221.02 | 222 | 223 | 226.01 | 226.02 | 226.06 | 226.99 | 227.06 | 227.99 | 230 | 233 | II | 482.10 | IV | 625 | VI | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **0008** | **111LP01** | M.U. ENERXIA E SUSTENTABILIDADE | | | | | | 200 | 500 | 18.612 | | | | | 19.924 | **39.236** | | **0** | | **0** | **39.236** |
| **0006** | **111LP02** | M.U. EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS | | | | | | 1.000 | 1.000 | 35.411 | | | | | 30.000 | **67.411** | | **0** | 4.000 | **4.000** | **71.411** |
| **0017** | **111LP03** | M.U. EN CIENCIA E TECNOLOXIA AGROALIMENTARIA E AMBIENTAL | | | | | | 218 | 600 | 200 | 2.519 | | | 600 | 500 | **4.637** | | **0** | | **0** | **4.637** |
